



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 7 de marzo de 2025

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día sete de marzo de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(148).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbanse as actas das sesións extraordinarias e urxentes do 25 e 28 de febreiro e ordinaria do 28 de febreiro de 2025. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(149).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓN XUDICIAIS. EXPTE. 18375/111.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/03/2025, asinado pola letrada titular de Asesoría Xurídica municipal e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A. Resolucións ditadas no orde xurisdiccional contencioso-administrativa

1.- Contencioso. Expediente nº 17348/111

Sentenza nº 257 do 19 de decembro de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 154/2024

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución da Concellería de Patrimonio do 03/04/2024, estimatoria de reclamación de RPA, polos danos ocasionados no vehículo, pola caída dunha árbore cando se atopaba estacionado na Avenida de Samil.

Expte(s): 7089/243

Contía: 1.648,32 €

Sentenza desestimatoria con imposición de custas á parte demandante, contratista municipal quen accionou contra a resolución que declarou a súa responsabilidade por mor da caída dunha árbore sobre un vehículo, ao que causou danos materiais.

Na resolución que se comunica se desbota a pretensión da demandante de que o prego esixa, para resolver a responsabilidade da contratista, que tivo que existir unha neglixencia ou incumprimento das súas obrigas. Argumenta en contra disto a sentenza, que a única posibilidade de exoneración é a forza maior, xa que se a Administración responde por mor da súa obxectiva responsabilidade, a súa contratista debe responder en igual forma.

Unhas circunstancias meteorolóxicas adversas non son hábiles para a exoneración da responsabilidade patrimonial da Administración, nin tampouco da súa contratista. A isto se engade que do resultado da proba se aprecia nun informe da demandante que se propuxeron unhas medidas, que o propio día do sinistro non se adoptaron, sinal de que existía a posibilidade de limitar espazos para evitar riscos.

O servizo de Patrimonio-responsabilidade patrimonial debe coñecer do resolto.

2.- Contencioso. Expediente nº 17647/111

Sentenza nº 263 do 23 de decembro de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 233/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da reclamación de responsabilidade patrimonial, sobre indemnización polos danos e prexuízos causados ao fillo menor de idade como consecuencia dun accidente no carrusel de cadeas instalado nun espazo público.

Expte(s): 6815/243

Contía: 16.384,57 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

Esta sentenza é firme por contía, e desestima o recurso interposto polo actor, en representación do seu fillo menor de idade, nun expediente de responsabilidade patrimonial.

O menor sufriu danos corporais cando xogaba nunha zona habilitada, causados por un elemento de xogo en mal estado. Tramitado e resolto o expediente administrativo, se estimou a súa reclamación na cantidade de 10.499,89, declarando que a responsabilidade é da contrastista municipal, encargada do mantemento das zonas de xogos municipais.

A sentenza entende tramitada de modo correcto a reclamación, e no tocante á valoración dos danos, considera a realizada no expediente máis motivada e obxectiva que a valoración pretendida de contrario, pois non constaban determinados informes relevantes para soportar a diferenza de cantidade pretendida. Se confirma integramente a resolución impugnada.

O servizo de Patrimonio-responsabilidade patrimonial debe coñecer do resolto.

3.- Contencioso. Expediente nº 18002/111

Auto nº 1 do 9 de xaneiro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 305/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, de reclamación de RPA formulada polos danos causados no vehículo, polo impacto dun camión do servizo de prevención e extinción de incendios, durante unha intervención na rúa Torrecedeira.

Expte(s): 7248/243

Auto do XCA núm. 2 de Vigo, polo que se dispón a conclusión do RCA por satisfacción extra-procesual.

O obxecto do RCA era a desestimación por silencio da reclamación patrimonial presentada polo recorrente ante o Concello de Vigo.

A través de dita reclamación se solicitaba do Concello de Vigo a cantidade de 852,49 euros en concepto de danos padecidos no seu vehículo como consecuencia (1) do desprendemento de cascotes dun edificio xunto ao que se atopaba estacionado o vehículo, e (2) pola actuación do servizo municipal de Bombeiros que acudiu ao lugar para a adopción de medidas de seguridade e nesta actuación, provocou un impacto co camión de Bombeiros contra o vehículo do demandante.

O recurso se dirixe contra o Concello, pola actuación do servizo de Bombeiros e contra a Comunidade de propietarios/as e as compañías aseguradoras do edificio, pola caída de cascotes ocasionada polo mal estado de conservación do mesmo.

O Concello resolveu o expediente recoñecendo a responsabilidade da administración municipal e notificoulle ao interesado a mesma. Por este motivo o demandante solicita a satisfacción extra procesual e o arquivo das actuacións, sen imposición de custas.

Conferido traslado ás partes polo XCA núm. 2 de Vigo, a defensa do Concello de Vigo, non se opuxo e tamén interesou o arquivo.

O auto dispón a conclusión do RCA a pesar de que dita solicitude foi realizada sen que quedara acreditado o pagamento polo Concello de Vigo polo entendemento de ambas partes e porque a conclusión anticipada do procedemento non é contrario ao Ordenamento xurídico, polo que procede apreciar a perda do interese lexítimo na súa prosecución.

Contra este Auto cabe interpoñer recurso de reposición no prazo de 5 días.

Darase traslado do mesmo ao servizo de Patrimonio para o seu coñecemento.

4.- Contencioso. Expediente nº 17931/111

Sentenza nº 4 do 15 de xaneiro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 294/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo da reclamación RPA polos danos sufridos no vehículo cando circulaba polo aparcadoiro do Campo de Fútbol Municipal Meixoeiro.

Expte(s): 7347/243

Contía: 972,02 €

Sentenza pola que se inadmite o RCA interposto polo actor contra a desestimación, por silencio, da RPA presentada no Concello, na que reclamaba 972,02 euros, polos danos padecidos en dous pneumáticos do seu vehículo, ocasionados polo mal estado da calzada (unha grande fochanca existente no aparcamento do campos de Fútbol do Meixoeiro, que ao pasar por riba co seu vehículo, provocoulle o rebentón de dúas rodas dianteiras).

A defensa municipal advirte sobre a falta de lexitimación activa do recorrente por canto o vehículo non é da súa titularidade, e segundo o atestado da Policía Local, nese momento conducía a persoa titular do vehículo, non o demandante.

A sentenza inadmite o RCA por falta de lexitimación activa. Contra a mesma cabe interpoñer recurso de apelación. Sen expresa imposición de custas.

Darase traslado desta resolución ao servizo de Patrimonio para o seu coñecemento.

5.- Contencioso. Expediente nº 17104/111

Sentenza nº 12 do 23 de xaneiro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 81/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta de reclamación de RPA polos danos sufridos ao caer cando transitaba pola Avda. do Aeroporto.

Expte(s): 7150/243

Contía: 40.118,76 €

A sentenza que non é firme, por ser susceptible de interposición da recurso de apelación:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

1. estima parcialmente o recurso interposto contra a desestimación por silencio da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos como consecuencia dunha caída na avenida o Aeroporto á altura do número 476 ao tropezar cunha baldosa desnivelada.
2. condena ao Concello ao abono de 13.425,65 euros incrementada cos intereses legais dende a data da reclamación e ata o completo pago - fronte aos 40.118,76 euros reclamados no escrito de demanda-
3. Sen condena en custas.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Patrimonio (Responsabilidade Patrimonial).

6.- Contencioso. Expediente nº 17945/111

Sentenza nº 28 do 24 de xaneiro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 307/2024

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, de reclamación de RPA polos danos causados por un camión do Servizo de Extinción de Incendios na vivenda sita no Camiño Redomeira.

Expte(s): 7393/243

Contía: 1.016,19 €

A sentenza que é firme:

1. estima o recurso contencioso interposto contra a desestimación por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos e prexuízos derivados dun golpe provocado pola manobra marcha atrás dun camión de bombeiros o 3.11.2023 na vivenda situada no camiño Redomeira 37.
2. condena ao Concello de Vigo a abonar á compañía de seguros recorrente a cantidade de 1.016,19 euros actualizado nos termos que fixa no FD3º.
3. Impón as custas ao Concello ata o límite máximo de 250 euros mas IVE.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Patrimonio (Responsabilidade Patrimonial).

7.- Contencioso. Expediente nº 17993/111

Auto nº 17 do 3 de febreiro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 310/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Acto presunto desestimatorio da reclamación de RPA polos danos ocasionados ao vehículo, cando circulaba pola rotonda da Rúa Ricardo Mella confluencia co Camiño Caramuxo.

Expte(s): 7351/243

O auto declara a terminación do proceso por recoñecemento total en vía administrativa das pretensións da parte recorrente e o arquivo das actuacións.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Patrimonio (Responsabilidade Patrimonial)

8.- Contencioso. Expediente nº 18009/111

Decreto nº 2 do 7 de febreiro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 327/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, de reclamación de RPA presentada en data 04/02/2024, polos danos causados por unha caída cando transitaba pola rúa Ventura Gonzalez Prieto.

Expte(s): 7318-243

O decreto acorda ter por desistida a recorrente declarando a terminación do procedemento.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Patrimonio (Responsabilidade Patrimonial)

9.- Contencioso. Expediente nº 17901/111

Sentenza nº 252 do 19 de decembro de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 286/2024

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución do 05/07/2024 parcialmente estimatoria da reclamación económico-administrativa ditada no expediente, formulada contra a desestimación da solicitude de devolución de ingresos indebidos.

Expte(s): 5801/550 e 57749/512.

Contía: 18.159,3 €

A sentenza estima o recurso interposto fronte ao acordo do TEA de Vigo de 5.07.2024, que declara desconforme a dereito, e condena ao Concello de Vigo a abonar a recorrente en concepto de devolución de ingresos indebidos do IBI, exercicios 2017 a 2019, o importe de 18.159,3 euros incrementado cos intereses de demora.

Anula e revoca o acordo, baseándose na doutrina casacional do Tribunal Supremo recente que descarta a diferenciación entre error de feito e de dereito (en que se apoiaba a decisión municipal), para mediante o procedemento de devolución de ingresos indebidos, recuperar o exceso de tributación que se pon de manifesto co éxito da subsanación de discrepancias.

A sentenza que non é firme, impón as custas a administración municipal co límite máximo de 300 euros.

Debe coñecer o resolto o TEA de Vigo e a Dirección de Tributos.

10.- Contencioso. Expediente nº 17987/111

Auto nº 142 do 20 de decembro de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 322/2024



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do TEA desestimatoria da reclamación contra a desestimación do recurso de reposición por requirimento de pago a sucesor por débea do IBI.

Expte(s): 6079/550 e 308932/700

O auto xudicial declara a satisfacción extraprocesual do recurso ao terse ditado en vía administrativa resolución revogatoria da actuación recaudatoria fronte ao que se presentou o recurso. E, en consecuencia, archívese o procedemento.

Debe coñecer o resolto o departamento de Recadación.

11.- Contencioso. Expediente nº 17723/111

Sentenza nº 243 do 13 de decembro de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 251/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo do 19/06/2024 desestimatoria de recurso de reposición formulado no expediente sancionador.

Expte(s): 322057/280

Contía: 200 €

Esta sentenza é firme, por contía, e resolve a demanda interposta contra a resolución do expediente sancionador en materia de tráfico que impuxo ao demandante unha sanción.

O actor estacionou o seu vehículo nunha zona prohibida (intersección), creando un risco para os restantes usuarios da vía e xerando un problema de tráfico. Concorría neste suposto o feito de que se denunciara en dúas ocasións polos mesmos feitos, pero diferente tipificación ao demandante, extremo que na vía administrativa xa se aclarara pola instrutora.

A pesares disto, na demanda cuestionou a imposición da sanción máis gravosa, ao que a resposta xudicial foi a da cita do art. 8 do Código Penal (absorción da pena máis leve pola máis grave); "el precepto penal más grave excluirá los que castiguen el hecho con pena menor". Con independencia disto, a tipificación na vía administrativa resultaba igualmente correcta.

O servizo de Seguridade debe coñecer do resolto.

12.- Contencioso. Expediente nº 17257/111(orixe 13313-111)

Auto nº 136 do 10 de decembro de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Extensión de efectos de sentenza: 121/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Extensión de efectos da sentenza ditada no RC-A Nº 333/2020 PO XC-A Nº 1 Vigo

Contía: 30.001,00 €

Este Auto que se comunica non é firme, e estima a solicitude de extensión de efectos formulada polo demandante, con relación ao pronunciamento estimatorio da sentenza ditada no P.O. 333/2020, polo XCA nº 1 de Vigo.

No Auto se motiva que concorre a mesma situación, polo que procede a extensión de efectos. A reclamación presentada polo actor non tivo resposta na vía administrativa e resulta compatible a extensión de efectos co silencio, e coa opción do reclamante de non interpoñer un recurso de modo autónomo.

A condena é ao abono ao recorrente das diferencias que resulten por horas en exceso sobre a súa xornada ordinaria anual no período recollido na sentenza, condenando ao Concello ao abono das cantidades "que por tal concepto correspondan", sen indicar no Auto outras circunstancias adicionais expostas tanto polo Concello como pola parte actora, incrementados cos seus xuros.

A sentenza ditada no P.O. 333/2020 non está executada, ao terse formulado polo Concello de Vigo incidente de execución.

A área de RRHH e formación e a de Seguridade deben coñecer do resolto.

13.- Contencioso. Expediente nº 17287/111

Sentenza nº 246 do 16 de decembro de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 139/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Resolución da Xunta de Goberno local de data 01/04/2024, relativa á resolución da convocatoria para a provisión con carácter definitivo mediante libre designación do posto de traballo vacante de Xefe/a da Área de Servizos Xerais.

Expte(s): 41882/220

Contía: Indeterminada

A sentenza que se está a comunicar resolve en sentido desestimatorio, o recurso promovido contra a resolución da convocatoria para a provisión polo sistema de libre designación, do posto da xefatura da área de Servizos Xerais do Concello. Esta sentenza é firme.

A resolución desbota a caducidade do procedemento, xa que se está a executar unha sentenza. Igualmente entende motivada a idoneidade do candidato finalmente proposto para nomeamento sobre os restantes, incluído o demandante, ao pormiudarse as características do posto, e as capacidades, experiencia, formación e en definitiva, a idoneidade entendida nun senso amplo.

Aínda tratándose dunha potestade discrecional, a motivación foi ampla e non se pode entender, segundo a Xulgadora, que se discrimínase ao demandante pola súa idade, ao atoparse nese momento moi próximo ao vencemento da prórroga no servizo activo, nin tampouco a consecuencia do exame dos méritos das tres persoas que concorreron. Canto á repercusión que tivo a súa condena penal, lembra que foi o propio órgano xudicial quen comunicou a liquidação da mesma, polo que tampouco é reprochable á Administración.

A área de RRHH e Formación e a área de Fomento deben de coñecer do resolto.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

14.- Contencioso. Expediente nº 16280/111 (orixe 15555-111)

Sentenza nº 39 do 29 de xaneiro de 2025

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1 A Coruña

Recurso de apelación: 425/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Apelación da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo do 14/09/2023 ditada no procedemento abreviado nº 50/2023 (expediente nº 15555/111).

Obxecto do recurso de orixe: Acordo a XGL do 16/12/2022 polo que se rexeita ofrecemento do chamamento como TAX con carácter temporal.

Expte(s): 40843/220

Contía: Indeterminada

A sentenza, susceptible de recurso de casación, sempre que se acredite interese casacional:

1. desestima o recurso de apelación contra a Sentenza 215/2023 do XCA1 que no PA 50/2023 desestimou o recurso contra o acordo da XGL de 16.12.2022 de non ofrecer o chamamento a recorrente para ocupar o posto de técnico de administración xeral con carácter temporal baseándose nos criterios de xestión das listas de reserva aprobados polo Concello (BOPPO 167, de 1.09.2022) , e na improcedencia da declaración de excedencia por interese particular.

2. Impón as custas a recorrente co límite de 1.000 euros

Debe coñecer o resolto o servizo de RRHH e Formación

15.- Contencioso. Expediente nº 17425/111 (orixe 16547-111)

Auto do 31 de xaneiro de 2025

Execución Forzosa nº 43/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta da reclamación do dereito a seren compensado ou ben con descansos ou co pagamento das percepcións salariais correspondentes, pola realización de 40 minutos diarios de exceso de xornada con motivo do relevo no Servizo de Extinción de Incendios dende o ano 2018 ao ano 2022.

Expte(s): 43196/220

Contía: 5.324,97 €

Auto do XCA núm. 1 de Vigo que declara executada a sentenza ditada no PA 346/2023, pola que estimouse a demanda dun funcionario municipal do SPEIS pola que reclamaba o tempo realizado en exceso no cambio de turnos (40 min) e se condena ao Concello a compensar ao demandante polo dito exceso de horario, ou ben con descansos ou ben mediante o abono das cantidades correspondentes.

O Concello de Vigo, por resolución da concellería da Área de Seguridade do 13 de xaneiro de 2025 executou a sentenza, mediante a compensación do exceso horario con descansos ao traballador recorrente. O que se comunicou ao xulgado e deuse por executada a sentenza.

Sen expresa imposición de custas.

Darase traslado desta resolución á xefatura do SPEIS e ao servizo de RRHH para o seu coñecemento.

B. Resolucións ditadas na orde xurisdicional social

1.- Social. Expediente nº 16021/111(orixe 15620-111)

Sentenza nº 5892 do 17 de decembro de 202 TSX Galicia, Sala do Social

Recurso de suplicación: 3412/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Suplicación da sentenza do Xulgado do Social nº 2 de Vigo do 08/06/2023 ditado nos autos PO 160/2023 (expediente nº 16021-111).

Obxecto do recurso de orixe: Reclamación de recoñecemento do dereito ao incentivo de xubilación anticipada.

Expte(s): 39499/220

Contía: 4.808,10 €

A sentenza que se está a comunicar non é firme, pero contra a mesma só cabe interpoñer un recurso de casación para unificación de doutrina.

A resolución desestima o recurso de suplicación interposto polo demandante, empregado municipal xubilado, contra a desestimación da reclamación para a percepción do incentivo/premio á xubilación recollido no Acordo regulador/Convenio colectivo do Concello de Vigo.

A Sala do TSXG rexeita o recurso porque considera que cando se produce a xubilación do demandante, a norma que impide a percepción deste tipo de premios se atopa en Vigo, porque non se derroga ata o 1/1/2023, e iso é o resolto polo TS nas sentenzas ditadas na resolución de instancia. Noutros aspectos, difire, ao considerar que o persoal funcionario e laboral non se atopa equiparado, nin sequera polo feito de que o Convenio colectivo e o Acordo regulador teñan a mesma data, teñen o mesmo contido, pero natureza diferenciada.

A área de RRHH e formación debe coñecer do resolto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(150).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE FORMACIÓN NAS INSTALACIÓNS DA CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL. EXPTE. 265845/301.

Visto o informe de fiscalización do 27/02/2025, sométese a proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación nas instalacións da Concellería de Política Social (265845-301) (emenda documentación)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación nas instalacións da Concellería de Política Social (265845-301) (emenda documentación)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 25 de outubro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto, das actividades formativas da Concellería de Política Social en instalacións municipais, que inclúe a xustificación da necesidade do contrato (trámite n.º 5), as Memorias xustificativa e económica (trámites núms. 72 e 14), o Prego de Prescricións Técnicas (trámite n.º 55), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 17.10.2024 (trámite n.º 126), o documento económico emitido polo Servizo de Contabilidade (trámite n.º 18) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público. De acordo co previsto no Art. 117.2 da LCSP e na Base de execución nº 29 dos Orzamentos municipais, o expediente tramitarase como anticipado de gasto.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto derivado deste contrato (150.000€), que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310.227.99.09 - “Outras actividades grupos desfavorecidos” ou bolsa de vinculación dos orzamentos do Concello de Vigo.

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 28 de xuño de 2024), o 31 de xaneiro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión do 30 de xaneiro de 2025 de xustificación da baixa con valores anormais ou



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

desproporcionados presentada por CENTRO DE INICIATIVAS PROFESIONALES no lote 1 deste procedemento.

Segundo.- Tomar razón dos seguintes acordos da Mesa de Contratación:

- Sesión do 11 de decembro de 2024 na que se acordou non admitir nos lotes 1 e 2 deste procedemento a BEPROJECT CONSULTORIA DE FORMACIÓN Y EMPLEO, SL por non ter emendado a documentación persoal.*
- Sesión do 8 de xaneiro de 2025 na que se excluíu a ADECCO FORMACIÓN, S.A.U. no lote 1 e a FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. no lote 2 por non acadar o limiar mínimo de puntuación establecido no apartado 7.A) do Anexo I (FEC) do PCAP.*

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación nas instalacións da Concellería de Política Social (265.845-301) na seguinte orde descendente:

- Lote 1:

Orde	Licitador	Puntuación total
1º	CIP FORMACIÓN	92,00 puntos
2º	NT FOR LEARNING, S.L.	89,83 puntos
3º	G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	68,16 puntos

- Lote 2:

Orde	Licitador	Puntuación total
1º	NT FOR LEARNING, S.L.	95,89 puntos
2º	CIP FORMACIÓN	84,50 puntos
3º	ADECCO LEARNING & CONSULTING	57,26 puntos

Cuarto.- Requerir ao licitadores clasificados en primeiro lugar, CIP FORMACIÓN (lote 1) e NT FOR LEARNING, S.L. (lote 2), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*

3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
4. *Certificado positivo de débedas da ATRIGA ao non ser posible, por cuestións técnicas, a súa comprobación de oficio por esta administración.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar, CENTRO DE INICIATIVAS PROFESIONALES (lote 1) e NT FOR LEARNING, SL (lote 2), o día 31 de xaneiro de 2025, que presentan a documentación requirida o 4 e o 10 de febreiro de 2025, respectivamente, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de data 20 de febreiro de 2025, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, a Mesa acordou outorgar un prazo de 3 días naturais a CENTRO DE INICIATIVAS PROFESIONALES (lote 1) e NT FOR LEARNING, SL (lote 2) para que puideran emendar a documentación relativa á acreditación da representación (ambos) e aos anexos IV e V e á declaración de non estar incurso en prohibición de contratar (NT FOR LEARNING, SL).. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación en prazo.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

- CENTRO DE INICIATIVAS PROFESIONALES (lote 1)

- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (12.500,00 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (12.500,00 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.
- Solicitude de retención no prezo do contrato do importe da garantía.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

- NT FOR LEARNING, SL (lote 2)

- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (12.500,00 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (12.500,00 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.
- Solicitud de retención no prezo do contrato do importe da garantía.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 27 de febreiro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CENTRO DE INICIATIVAS PROFESIONALES (lote 1) e NT FOR LEARNING, SL (lote 2), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CENTRO DE INICIATIVAS PROFESIONALES (lote 1) e NT FOR LEARNING, SL (lote 2), de

acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábles mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábles mediante fórmula, de datas 20 de decembro de 2024 e 24 de xaneiro de 2025, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón dos seguintes acordos da Mesa de Contratación:

- *Sesión do 11 de decembro de 2024 na que se acordou non admitir nos lotes 1 e 2 deste procedemento a BEPROJECT CONSULTORIA DE FORMACIÓN Y EMPLEO, SL por non ter emendado a documentación persoal.*
- *Sesión do 8 de xaneiro de 2025 na que se excluíu a ADECCO FORMACIÓN, S.A.U. no lote 1 e a FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. no lote 2 por non acadar o limiar mínimo de puntuación establecido no apartado 7.A) do Anexo I (FEC) do PCAP.*

Segundo.- Adxudicar a CENTRO DE INICIATIVAS PROFESIONALES o lote 1 do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación nas instalacións da Concellería de Política Social (265845-301) por un prezo total do contrato de 75.000 € euros, IVE exento, e coas seguintes condicións:

- a) Propón como porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP para o LOTE 1: 45,1 %.*
- b) Propón un plan de valoración da calidade do servizo.*

Terceiro.- Adxudicar a NT FOR LEARNING, SL (lote 2) o procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación nas instalacións da Concellería de Política Social (265845-301) por un prezo total do contrato de 75.000 € euros, IVE exento, e coas seguintes condicións:

- a) Propón como porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PACP para o Lote 2: 30,50%*
- b) Propón un plan de valoración da calidade do servizo.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(151).- BASES E CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA “VIGO EN



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

INGLÉS 2025: ALUMNADO DE 3º DA ESO DE CENTROS EDUCATIVOS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS. EXPTE. 98737/332.

Visto o informe de fiscalización do 27/02/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 26/02/2025, asinado polo técnico do servizo de Educación e a xefa do servizo de Educación, e conformado pola concelleira-delegada e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 20 de maio de 2024, adoptou o acordo de adxudicar a “Newlink Education, S.L” (B-22210843), o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School “VIGO EN INGLES 2024-2025” (expte. 62810-332) por un prezo total de 5.999.550,00.-€ que se imputarán á partida 3260.227.99.17 (Programa Educativo “Aulas Internacionais”); de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de febreiro de 2024 e a oferta presentada.

O PCAP establece un prazo de duración do contrato de dous anos, e dúas posibles prórrogas de un ano cada unha. O contrato formalizouse entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria en data 11/Xuño/2024, entrando en vigor a partir do 12 de xuño de 2024, para un período contractual de 2 anos comprendido entre o 12/06/2024 e o 12/06/2026.

Dende hai varios anos, o Concello de Vigo vén mantendo unha decidida aposta formativa a prol da inmersión lingüística e o dominio da lingua inglesa no alumnado da nosa cidade, que concorda coas recomendacións do Consello de Europa en materia de linguas. O coñecemento dun idioma distinto ao do propio contribúe de forma esencial á formación integral do alumnado, e a súa aprendizaxe se ten convertido nun obxectivo fundamental dos sistemas educativos, tanto porque favorece a libre circulación e a comunicación como por esixencias do mercado de traballo. Ata tal punto é así que o dominio dunha 2ª ou incluso 3ª lingua estranxeira amósase como unha das principais carencias do noso sistema educativo, polo que este programa pretende a adquisición dunha competencia plurilingüe, redobrando esforzos para que o alumnado se desenvolva con fluidez nunha primeira lingua estranxeira, cuxo nivel de comprensión oral e lectora e de expresión oral e escrita vai resultar decisivo para a súa futura inmersión laboral nunha sociedade globalizada.

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE), tras a modificación introducida pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro (LOMLOE publicada no BOE N.º 340 do 30/12/2020), recolle nos artigos 25 e 26 nos principios pedagóxicos para 4º da ESO, que no proceso de aprendizaxe das linguas estranxeiras priorizárase a comprensión e expresión oral.

Por outra banda, o artigo 8 “cooperación entre administracións” da LOE, recolle que as administracións educativas e as corporacións locais coordinarán as súas actuacións no ámbito das súas competencias para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e contribuir aos fins establecidos nesta lei.

Conforme dispón o artigo 25 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local (LR-BRL), o Concello na xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e en canto ao exercicio das competencias municipais propias que exercerán as administracións locais nas distintas materias, cita textualmente as seguintes:

- Artigo 25.2.h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.
- Artigo 25.2.l) Promoción da ocupación do tempo libre.
- Artigo 25.2.m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.

Igualmente segundo o recollido no artigo 80.2.n da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), os municipios teñen competencia propia en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais e ocupación do tempo libre.

Consonte a este marco de responsabilidade competencial obrigatorio e propio das Entidades Locais citado anteriormente, é vontade expresa do Concello de Vigo en función das políticas de promoción cultural e de ocupación do tempo libre que o goberno local considera apropiadas e, conforme ás súas prioridades programáticas; promover unha nova edición do programa municipal de inmersión en lingua inglesa mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo “VIGO EN INGLÉS 2025”, que nas súas edicións anteriores ten acadado excelentes resultados de satisfacción e ten permitido mellorar a capacitación en lingua inglesa do alumnado vigués.

En todo caso, o desenvolvemento deste programa municipal estará condicionado pola existencia previa dunhas condicións de seguridade que garantan ao alumnado participante a realización desta experiencia académica internacional de xeito óptimo e seguro.

O Concello de Vigo non quere ser alleo á necesidade cada vez máis evidente de aprender linguas estranxeiras, non só para formar parte do proceso de globalización que está a ter lugar no mundo, senón tamén para desenvolver unha competencia plurilingüe e intercultural nun ámbito internacional. En consecuencia, estas estadías lingüísticas previstas en Reino Unido e/ou Irlanda, posúen un gran valor formativo e resultan un complemento idóneo para conseguir unha maior fluidez na lingua inglesa e potenciar a capacidade comunicativa na mesma, convertendo ao alumnado de Vigo, ao entrar en contacto con outras culturas e realidades sociais no seu tempo libre, en verdadeiros promotores e embaixadores da identidade cultural e turística da cidade de Vigo. Para elo, todo o equipo de monitoraxe e alumnado participante no programa estarán uniformados con suadoiros alusivos á promoción cultural da cidade de Vigo que utilizarán no desenvolvemento do programa formativo nas localidades de inmersión e integración lingüística, e achegarán ao persoal educativo dos High Schools, ás familias de acollida e autoridades locais en destino, distinto soporte documental específico (posters, folletos, dípticos culturais e turísticos da cidade de Vigo).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

Neste senso e seguindo instrucións da Concelleira Delegada de Educación, tramítase o presente expte para a aprobación das bases e convocatoria para a adxudicación de prazas no programa municipal de inmersión en lingua inglesa mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo “VIGO EN INGLÉS 2025” dirixidas ao alumnado de 3º da ESO de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos.

Polo tanto, tomando como referencia o expte. nº 62810/332 que adxudica a contratación da a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo “Vigo en Inglés 2024-2025”; convócase en réxime de concorrencia competitiva un proceso selectivo de alumnado beneficiario cunha oferta dun máximo de 927 prazas para alumnado de 3º curso da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, quedando as restantes solicitudes que cumpran os requisitos incluídas en función da puntuación obtida nunha lista de suplentes.

Este Programa de Inmersión en Lingua Inglesa “Vigo en Inglés 2025” ten como acción principal a promoción e desenvolvemento de estadias de 3 semanas en Reino Unido e/ou Irlanda en réxime de integración escolar nun “High School” en periodo lectivo, para alumnado de 3º da ESO dos centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos; coa finalidade de mergullarse nunha experiencia lingüística e cultural plena e crear neste alumnado a necesidade de empregar a lingua inglesa en contextos reais 24 horas como ferramenta de comunicación social e vehículo de aprendizaxe escolar, poñendo en valor a educación dende unha perspectiva plurilingüe e intercultural.

Os resultados acadados nas anteriores edicións do Programa Educativo de Inmersión en Lingua Inglesa “VIGO EN INGLÉS”, non fan senón confirmar, ademais dunha óptima avaliación, a alta satisfacción a nivel didáctico-pedagógico, na procura de seguir tentando mellorar a competencia en lingua inglesa e na comunicación intercultural no noso alumnado vigués.

A implementación da iniciativa didáctica municipal “VIGO EN INGLÉS 2025”, implica a prestación do servizo por parte dunha empresa adxudicataria que posúa a debida cualificación e estea especializada no desenvolvemento de programas de inmersión lingüística, que terá como cometido a prestación plural de traballos de distinta natureza e carácter heteroxéneo, tales como, transporte, organización do programa lectivo de inmersión lingüística en destino, aloxamento, manutención, visitas organizadas e información a familias, que supoñen a xestión integral do programa; despois da aplicación das bases e convocatoria específica que son obxecto do presente expediente e que realizará directamente este Servizo de Educación para ordenar e regular a selección do alumnado participante. Logo é obrigado proporcionar á empresa adxudicataria a relación nominal dos alumnos/as participantes no programa municipal “Vigo en Inglés 2025”, cos datos de identificación necesarios para a xestión do programa. Polo tanto, cómpre que con tempo abondo, o Servizo de Educación desenvolva e resolva a convocatoria municipal anual para a adxudicación de prazas para participar no programa municipal de inmersión en lingua inglesa “Vigo en Inglés 2025”, diante da necesidade de ter seleccionado con antelación suficiente ao

alumnado beneficiario, para logo dar traslado da relación de alumnado participante neste programa municipal á empresa adxudicataria.

Por todo iso, e diante da necesidade de ter seleccionado con antelación suficiente o alumnado beneficiario do programa “Vigo en Inglés 2025”, cómpre desenvolver a “Convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no programa de inmersión en lingua inglesa “VIGO EN INGLÉS 2025” dirixida ao alumnado de 3º da ESO de centros educativos da nosa cidade sostidos con fondos públicos”, cuxa convocatoria e bases son obxecto do presente expediente. En todo caso, a concesión destas prazas de inmersión lingüística efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrência e obxectividade.

Por elo, con carácter previo ao outorgamento da concesión das prazas para participar na iniciativa didáctica municipal “Vigo en Inglés 2025” deberán aprobarse as bases reguladoras para a adxudicación de prazas para a participación no programa de inmersión en lingua inglesa “VIGO EN INGLÉS 2025” dirixida ao alumnado de 3º da ESO de centros educativos da nosa cidade sostidos con fondos públicos”.

Unha das complexidades manifestas desta convocatoria é o importante número de destinatarios/as potenciais (estimados nuns preto de 1500 alumnos/as conforme aos datos recabados por este Servizo), que cumpren todos os requisitos para poder participar neste programa municipal de inmersión en lingua inglesa. Neste sentido é importante salientar que un dos elementos primordiais para a selección do alumnado é premiar o esforzo académico do mesmo, polo que se establece como requisito imprescindible ter todas as materiais aprobadas e ter obtido unha nota media mínima de 7 en lingua inglesa. Igualmente a participación no programa Vigo en Inglés 2025 non implica a total gratuidade para todo o alumnado beneficiario do mesmo, dado que as familias participantes en función da súa renda per cápita aportarán a achega familiar do prezo público que se determina nas bases desta convocatoria.

A Ordenanza Fiscal nº 42 Reguladora dos prezos públicos pola participación en programas municipais de carácter voluntario, que se inclúe nas “Ordenanzas de Tributos e Prezos Públicos 2025 do Concello de Vigo”, textualmente indica que: “Teñen a condición de prezos públicos as achegas que realizan os participantes noutros programas do Concello, en contía variable segundo niveis de renda familiar, idades dos participantes e outros parámetros que, directa ou indirectamente poñen de manifesto a capacidade económica familiar. A contía destes prezos públicos poderá ser 0 euros para aqueles participantes con niveis de renda similares aos mínimos exentos nas taxas do Concello. As restantes contías determinaranse, en cada convocatoria segundo o nivel de renda. En ningún caso, o prezo público a satisfacer superará o custe unitario do servizo ou programa”.

A intervención Xeral en informe de 22/03/2024 emitido no expediente 89031-332 sobre as “Bases e convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no Programa Municipal de inmersión lingüística “Vigo en Inglés 2024” sinala que, *“Como queira que o expediente remitido a esta Intervención non supón a aprobación ou autorización de gastos, o citado expediente e o acordo nel proxectado non se atopan sometidos a fiscalización previa”*, polo tanto inda que o expediente obxecto do presente informe non produce obrigas de contido económico, remítese á intervención xeral municipal para a emisión de informe.

Consonte ao acordo adoitado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 20 de maio de 2024 de adxudicar a “Newlink Education, S.L” a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

mediante integración escolar nun High School en período lectivo “Vigo en Inglés 2024-2025”; se prevé para financiar as 927 prazas ás que se refire a presente convocatoria, o importe máximo de 2.999.775.-€ aplicado con cargo á partida orzamentaria 3260.227.99.17 do Programa Educativo Aulas Internacionais do orzamento municipal de 2025.

En base ao exposto, e de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecida no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Aprobar as Bases reguladoras da convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación do alumnado de 3º da ESO dos centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, no Programa Municipal de Inmersión en Lingua Inglesa - VIGO EN INGLÉS 2025, de acordo co texto que se achega”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES ESPECÍFICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA “VIGO EN INGLÉS 2025” DIRIXIDAS AO ALUMNADO DE 3º DA ESO DE CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE VIGO SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS.

Primeiro.- Obxecto

A presente convocatoria ten como obxecto regular o procedemento para a selección e adxudicación de 927 prazas en réxime de concorrencia competitiva, para participar no programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo “Vigo en Inglés 2025”.

A presente convocatoria ten como destinatarios/as ao alumnado do 3º curso de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) dos centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, que cumpran os requisitos recollidos nesta convocatoria específica para poder participar no programa municipal “Vigo en Inglés 2025”.

A finalidade do programa “VIGO EN INGLÉS 2025” é mellorar a competencia e capacitación en lingua inglesa fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

Cada unha das prazas inclúe os seguintes conceptos:

- 1.- Estadía durante tres semanas en Reino Unido e/ou Irlanda.
- 2.- Gastos da viaxe de ida e volta dende Vigo ata o destino asignado no Reino Unido e/ou Irlanda, onde se desenvolverá o programa.
- 3.- Monitores con suficiente capacidade lingüística en inglés, que acompañarán ao alumnado dende o momento da saída e ata o regreso, nunha proporción mínima de un monitor por cada 20 alumnos participantes.

4.- Programa en réxime de inmersión lingüística e integración en escolas públicas ou privadas de Reino Unido e/ou Irlanda e matrícula do curso intensivo de mellora en lingua inglesa cun mínimo de clases de 10 horas.

5.- Materiais informativos, auxiliares e didácticos adaptados aos contidos do programa.

6.- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.

7.- Actividades de lecer, culturais e deportivas extracurriculares.

8.- Aloxamento en casa de familias anfitriñas de fala inglesa.

9.- Manutención en réxime de pensión completa os sete días da semana.

10.- Gastos de transporte urbano ao centro escolar onde se impartirá o programa de inmersión lingüística.

11.- Seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Segundo.- Contía

A participación no Programa Municipal de Inmersión en Lingua Inglesa non implica a total gratuidade para todo o alumnado beneficiario do mesmo, polo que as familias en función da súa renda per cápita, achegarán as cantidades que lles corresponda segundo as contías establecidas no punto noveno desta convocatoria.

Igualmente, a participación no programa e o desfrute do mesmo é incompatible con calquera outro programa e/ou axuda obtida para a mesma finalidade doutros organismos públicos durante o ano 2025.

O custe de cada praza é de de 3.235 euros, por cada alumno/a participante no programa educativo municipal “VIGO EN INGLÉS 2025”, que promove o Concello de Vigo e cuxa xestión e organización levarase a cabo por medio de empresa adxudicataria que posúa a debida cualificación e estea especializada na prestación de programas de inmersión e integración lingüística nun High School, e contratada ao efecto polo Servizo Municipal de Educación. Ocuparase de ofrecer os medios materiais e persoais necesarios para o desenvolvemento do programa, así como da contratación da oportuna póliza de seguros para a cobertura das persoas participantes.

O desenvolvemento deste programa estará condicionado pola esixencia previa dunhas condicións de seguridade que garantan ao alumnado participante a realización desta experiencia académica internacional de xeito óptimo e seguro e pola previa adxudicación do contrato para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal “Vigo en inglés 2025”.

Terceiro.- Programa xeral programa VIGO EN INGLÉS 2025

Os contidos do programa municipal de inmersión en lingua inglesa VIGO EN INGLÉS 2025 atópanse a disposición dos/as interesados/as nas páxinas web do programa:

<https://escolas.vigo.org/vigoeningles>

<https://www.vigoeningles.org/convocatoria>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

Os contidos mínimos son os que se expoñen na presente convocatoria.

1. Adxudicatarios e requisitos

Os adxudicatarios da presente convocatoria serán os alumnos e alumnas, españois ou estranxeiros con tarxeta de residencia ou de estancia por estudos en vigor, de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos que cumpran os requisitos que a continuación se sinalan:

- 1.- Estar a cursar 3º da ESO nun centro educativo do Concello de Vigo sostido con fondos públicos durante o curso académico 2024-2025.
- 2.- Ter aprobadas todas as materias de 2.º de ESO.
- 3.- Ter obtido como mínimo unha nota de 7 na materia de Lingua inglesa nas cualificacións finais de 2.º de ESO.
- 4.- Estar empadroadado/a no Concello de Vigo, con vixencia mínima dende o 01/01/2024, dato que será comprobado de oficio pola propia administración.
- 5.- Non ter concedido, no ano 2025, outro programa e/ou axuda coa mesma finalidade.
- 6.- Ter DNI/NIE, permiso de residencia ou pasaporte en vigor
- 7.- Ter presentado a solicitude nos prazos estipulados.

Deberán solicitar as prazas os representantes legais (pai e nai ou titor/a legal) dos/as alumnos/as.

As 927 prazas ofertadas serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, conforme ao proceso de selección e baremo que se recolle nas presentes bases. As restantes solicitudes que, cumprindo os requisitos, non sexan seleccionadas, en función da puntuación obtida serán incluídas nunha única lista de suplentes ordenada por puntuación obtida e , no caso de empate na puntuación final, ordenada por renda per cápita da unidade familiar de menor a maior renda.

2. Número de prazas e destinos

O programa consta de 927 prazas, en grupos de máximo 20 participantes e mínimo 10 participantes que se asignarán a como mínimo corenta e sete destinos e máximo noventa e tres centros educativos de integración (High Schools) diferentes no Reino Unido e/ou Irlanda. O Servizo Municipal de Educación reserva para si o dereito de adxudicar destino aos participantes seleccionados atendendo, na medida do posible, a cuestións internas de índole organizativa.

3. Duración da estadía

O programa, de tres semanas de duración, realizarase ao longo de primeiro trimestre do curso lectivo escolar 2025-2026, preferentemente entre a primeira quincena de setembro e a segunda quincena de outubro de 2025. Con todo, o calendario definitivo comunicarse con antelación suficiente ao alumnado beneficiario, a través da empresa adxudicataria.

4. Programa lectivo

O programa componse de estadías dos participantes durante tres semanas no Reino Unido e/ou Irlanda, nas que se combinarán as seguintes actividades lectivas.

Ao longo deste período, terá lugar a inmersión lingüística mediante a integración en período lectivo do alumnado participante en institutos ou escolas públicas ou privadas (High Schools) do Reino Unido e/ou Irlanda, de nivel educativo equivalente á ESO española e preferentemente, previo ao período de integración impartirase un curso intensivo de inglés para a adaptación e o perfeccionamento lingüístico do alumnado participante. Os High Schools estarán autorizados e recoñecidos polos organismos competentes de cada país e contarán con profesorado nativo, titulado e especializado no ensino do idioma; así mesmo, estarán dotados de recursos audiovisuais e informáticos que favorezan a aprendizaxe e facilitarán o acceso do alumnado a estas instalacións. Asignarase un máximo de 20 alumnos/as participantes ou un mínimo de 10 participantes en cada centro, distribuídos en distintos grupos-aula e agrupados seguindo criterios como nivel de coñecemento do idioma e/ou idade.

Realizarase un seguimento individual e un control de asistencia do alumnado con informe final do seu rendemento. O centro de integración expedirá, ao remate da estadía do alumnado, unha certificación na que constará a relación nominal dos estudantes participantes no programa “VIGO EN INGLÉS 2025” que estiveron integrados neste.

5. Programa de actividades extraescolares e de lecer

O programa lectivo comprende a asistencia ao High School de luns a venres a xornada completa; así mesmo complementarase con actividades de lecer (lúdicas, culturais e deportivas) fóra do horario lectivo durante as tardes, agás sábados e domingos, que haberá alomenos unha excursión de día completo. As actividades de lecer e extraescolares desenvolveranse en inglés e guiadas por persoal especializado con coñecementos culturais adaptados a este tipo de actividades.

6. Viaxe e desprazamentos

O aeroporto de saída e chegada será o de Peinador de Vigo. Calquera cambio nesta loxística organizativa deberá ser convenientemente motivado e xustificado polo contratista e conformado polo Concello de Vigo. As viaxes das familias e alumnado participante dende o seu domicilio ata o aeroporto de saída de Vigo, e o mesmo traxecto de volta, serán por conta dos participantes. As datas e horas previstas de saída e chegada serán comunicadas con antelación suficiente.

7. Información e asistencia a participantes e familias

Realizarase coas familias unha xuntanza informativa nas dependencias que concrete o Servizo de Educación, con antelación suficiente ao inicio da viaxe. Así mesmo, antes e durante a viaxe todas as familias participantes terán a súa disposición asistencia telefónica e mediante correo electrónico, e poderán acceder a todos os datos relevantes do programa que lles afecten. Así mesmo, e para calquera consulta, os interesados poderán remitirse á oficina do programa “VIGO EN INGLÉS” situada no Servizo de Educación, ben no enderezo Praza do Rei s/n, pranta 11ª (36202 Vigo), no teléfono 986810181, ou a través do correo electrónico vigoeningles@vigo.org.

Cuarto.- Publicidade e prazo

Toda a información da presente convocatoria, así como o período do prazo de presentación de solicitudes, publicarase nas páxinas web do programa: <https://escolas.vigo.org/vigoeningles> e/ou <https://www.vigoeningles.org/convocatoria> e mediante anuncios na web municipal, difusión a través dos medios de comunicación locais (prensa, radio ...) e coa remisión do soporte



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

documental divulgativo do programa aos centros educativos da ESO do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, con toda a información relativa ao procedemento de solicitude para a súa difusión entre o alumnado obxecto desta convocatoria.

A resolución das solicitudes, con expresión dos datos identificativos do/a alumno/a solicitante, puntuación acadada e a resolución atribuída (adxudicada, lista de suplentes e denegada), será publicada nas páxinas web específicas do programa referidas con anterioridade.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no diario local impreso de maior tirada.

Quinto.- Solicitudes e documentación

Solicitudes:

As solicitudes cubriranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario de solicitude en liña normalizado dispoñible nas webs do programa <https://escolas.vigo.org/vigoeningles> e/ou <https://www.vigoeningles.org/convocatoria>.

Unha vez cuberto o formulario de solicitude, xerarase un documento pdf, que haberá que descargar, asinar (dixital ou manualmente) por ambos proxenitores (a excepción de familias monoparentais) e rexistrar (electrónica ou presencialmente) xunto coa documentación requirida.

O proceso para a presentación de solicitudes é o seguinte:

- ▮ **Solicitude telemática (vía preferente):** Seguindo as instrucións que se indican e unha vez cuberto o Formulario de Solicitude aloxado nas páxinas web <https://escolas.vigo.org/vigoeningles> e/ou <https://www.vigoeningles.org/convocatoria>, terá que entrar no rexistro xeral na sede electrónica do Concello de Vigo, (vigo.org/solicitud-vigoeningles) e premer o botón "tramitar por internet" onde haberá que incorporar o arquivo resultante do proceso anterior (Formulario de Solicitude), sendo necesario asinalo por calquera dos medios de sinatura admitidos na sede electrónica que se poden consultar no enlace "https://sede.vigo.org/expedientes/sede_textos/texto.jsp?id=sede_firma".

Unha vez realizado este proceso poderá descargar o xustificante do Rexistro.

- ▮ **Solicitude presencial:** Unha vez cuberto o Formulario de Solicitude aloxado nas páxinas web <https://escolas.vigo.org/vigoeningles> e/ou <https://www.vigoeningles.org/convocatoria>, deberáse obrigatoriamente imprimir e asinar polo pai e nai, titor/a legal, outros/as o documento resultante (Formulario de Solicitude) e, acompañado da documentación requirida se fose necesario, presentalo no Rexistro Xeral do Concello de Vigo de luns a venres en horario de 9,00 a 13,30 hrs. (previa cita nos teléfonos 010 / 986810260 / 986810100 ou na web "citaprevia.vigo.org"), ou en calquera dos lugares establecidos no art.16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

No caso de divorcio ou separación legal con custodia compartida deben figurar no formulario de solicitude os datos de ambos proxenitores que teñan atribuída a garda e custodia compartida do/a menor.

No caso de divorcio ou separación legal sen custodia compartida solo deben figurar no formulario de solicitude os datos daquel proxenitor que teña atribuída a garda ou custodia do/a menor.

Segundo o recollido na cláusula 15ª desta convocatoria, a presentación da solicitude desta praza levará a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos de carácter persoal, e da súa publicación nas páxinas web do Servizo de Educación.

Documentación:

As persoas interesadas deberán achegar xunto co formulario de solicitude debidamente asinado, a seguinte documentación:

a) **Certificación académica orixinal** emitida polo centro educativo do Concello de Vigo sostido con fondos públicos na que conste estar matriculado en 3º no curso académico 2024-2025 e certificación académica coas notas finais de 2º de ESO.

b) **DNI/NIE do alumno/a**, autorización de residencia ou **pasaporte** (en vigor).

c) **DNI/NIE**, autorización de residencia ou pasaporte (en vigor) **dos solicitantes** (pai e nai ou titor/a legal) que asinan o formulario de solicitude

d) **Libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar ou no seu defecto certificado de nacemento e documentación acreditativa da titoría legal**. No caso de non dispoñer de libro de familia terá que presentarse documentación que acredite o número de membros da unidade familiar. No suposto de non convivencia de ambos proxenitores, deberase acreditar que o/a solicitante convive cos fillos e/ou fillas.

e) De ser o caso, **acreditación documental das circunstancias familiares**, tales como: Título de familia numerosa, título de familia monoparental, sentenza de divorcio e convenio regulador onde conste o relativo á custodia, certificado de defunción (no caso de viuvez), resolución xudicial ou administrativa da tutela ou acollemento...

f) De ser o caso, **Certificado de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar** emitido polo órgano competente cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%

g) **Xustificación de ingresos: Aquelas familias que non autoricen ao Concello de Vigo a solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presentar fotocopia simple da última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar ou certificado de estar exento/a emitido pola Axencia Tributaria.**

h) No caso de que algún participante precise de **atencións médicas especiais** (por mor de alerxias, discapacidades, intolerancias...) deberán presentar un **certificado médico** que así o acredite.

A documentación que corresponda presentar en cada caso, poderase achegar por diferentes vías:

- Electronicamente mediante o seu escaneado na mesma aplicación en liña na que se cubriu o formulario de solicitude
- Na sede electrónica do Concello no momento de rexistrar o formulario de solicitude
- Fisicamente en papel no momento de realizar a solicitude presencial no rexistro do Concello.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificadas documental e correctamente tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria nin os que conteñan emendas. O Servizo de Educación poderá requirir das persoas solicitantes en calquera intre aclaración da documentación presentada.

A obtención e desfrute da praza falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que o impidiran, poderá supoñer o reintegro do importe equivalente ao custe da praza concedida, e a exixencia do xuro de demora correspondente dende a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Sexto.- Tramitación e emenda de solicitudes

A tramitación do procedemento de adxudicación das prazas convocadas corresponde ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixidos e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se emende a solicitude ou complete a documentación preceptiva (artigo 68.1 LPACAP), coa advertencia de que, de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da LPACAP.

A notificación do requirimento realizarase aos interesados mediante publicación na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, e no portal de transparencia, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

Sétimo.- Criterios de valoración

A selección das solicitudes e asignación de prazas farase atendendo á puntuación total obtida por cada alumno/a, resultante de aplicar os seguintes criterios (a,b,c) :

a) A puntuación obtida na nota final da materia de Lingua inglesa segundo o seguinte baremo: ata un máximo de 4 puntos.

NOTA FINAL INGLÉS 2º ESO	PUNTUACIÓN OUTORGA- DA
Nota final: 7	1 punto
Nota final: 8	2 puntos
Nota final: 9	3 puntos
Nota final: 10	4 puntos

b) Para a consideración de familia numerosa de conformidade coa Lei 40/2003, de protección ás familias numerosas, aplicárase o seguinte baremo: ata un máximo de 2 puntos.

FAMILIA NUMEROSA	PUNTUACIÓN OUTORGA-
------------------	---------------------

	DA
Categoría Xeral	1 punto
Categoría Especial	2 puntos

Oitavo.- Determinación de “Unidades Familiares de Convivencia” e “consideración de membros da unidade familiar”:

Entenderase por unidade familiar de convivencia a formada polas/os nais/pais, titor/a do alumnado solicitante, outras situacións análogas, e tamén os irmáns solteiros e menores de 25 anos que dependan economicamente dos proxenitores e convivan no domicilio familiar, ou maiores desta idade, no caso de persoas dependentes, cunha discapacidade igual ou superior ao 33% (circunstancia que deberá acreditarse co documento xustificativo oportuno).

Cando non exista vínculo matrimonial nin rexistro de parellas de feito, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai ou persoa en situación análoga e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos anteriores.

A efectos do cálculo das achegas familiares que corresponda aportar a cada familia, terán a consideración de membros da unidade familiar de convivencia, os/as seguintes:

- Os/as pais/nais non separados legalmente nin divorciados ou, no seu caso, o titor ou titores do alumnado solicitante.
- Os/as fillos/as menores de idade coa excepción dos emancipados. Terán a mesma consideración que os/as fillos/as, as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.
- Os/as fillos/as maiores de idade con discapacidade ou incapacitados xudicialmente, sempre que estean suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os/as fillos/as menores de 25 anos, dependentes economicamente dos proxenitores e que convivan no domicilio familiar.
- Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos/coas fillos/as que teñan en común.
- A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou en situación análoga ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a, excepto nos casos de custodia compartida.
- Non terá a consideración de membro computable a persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación ou divorcio, excepto no caso de custodia compartida.
- Familias monoparentais: Enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor/a que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os/as fillos/as ao seu cargo, nos seguintes supostos: a) Os homes ou as mulleres que afrontan a paternidade ou a maternidade en solitario; b) As familias formadas por unha ou un cónxuxe viúvo e os fillos e fillas; c) As familias



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

formadas por un pai ou nai que queda a cargo das fillas e fillos sen que haxa custodia compartida.

A efectos do cálculo da renda per cápita, no caso de unidade familiar monoparental, no cómputo de membros, engadirase 1 membro máis na unidade familiar, sempre que se achegue acreditación documental desta situación expedida pola administración competente.

A efectos do cálculo da renda per cápita, no caso de que algún membro da unidade familiar de convivencia teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, no cómputo de membros, engadirase 1 membro máis sempre que se achegue acreditación documental desta situación expedido pola administración competente.

Noveno.- Determinación de achegas familiares

A determinación de achegas familiares asignarase segundo os tramos de renda per cápita anual da unidade familiar recollido na seguinte táboa, e para o cálculo da mesma, terase en conta a última Declaración da Renda, da cal se suman as casillas da Base impositiva xeral máis a Base impositiva do aforro e o resultado divídese entre o número de membros que integran a unidade familiar. Esta cifra resultante constitúe a Renda per Cápita Anual.

TRAMOS RENDA PER CÁPITA ANUAL DA UNIDADE FAMILIAR	ACHEGA FAMILIAR
Ata 8.000,00.-€	Exento
Entre 8.001,00.-€ e 11.000,00.-€	320.-€ (equivale ao 10% custe da praza)
Entre 11.001,00.-€ e 14.000,00.-€	480.-€ (equivale ao 15% custe da praza)
Entre 14.001,00.-€ e 17.000,00.-€	640.-€ (equivale ao 20% custe da praza)
Maior de 17.000,00.-€	800.-€ (equivale ao 25% custe da praza)

Para os efectos do cómputo das rendas, teránse en conta:

- a) As dos pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.
- b) As dos proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida.
- c) As dos/das irmáns/ás do/da solicitante maiores de 16 anos e menores de 25, sempre que dependan economicamente dos proxenitores e convivan no domicilio familiar.
- d) As da persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou en situación análoga ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a, excepto nos casos de custodia compartida.

Nos casos en que a capacidade económica da unidade familiar experimentase un deterioro significativo en relación coa que consta na declaración do IRPF do último exercicio, os interesados te-rán que manifestar esta circunstancia e acreditar a nova situación económica achegando a docu-mentación acreditativa correspondente.

Ás familias que non autoricen nin aporten a documentación xustificativa da situación económica familiar, aplicaráselles a achega máxima de aportación familiar, e figurarán ao remate da lista cos empatados á mesma puntuación, e si fóra o caso dando prioridade ao solicitante de maior idade.

Décimo.- Comisión de valoración

A Comisión de valoración estará integrada pola Concelleira Delegada de Educación, que actuará de presidenta, a Xefa do Servizo de Educación e un Técnico do Servizo de Educación que actuará como secretario.

Este órgano colexiado avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan nesta convocatoria, e inicialmente emitirá unha proposta de resolución provisional para a participación no “Vigo en Inglés 2025”, na que se concretará o resultado da avaliación, debidamente motivada, con indicacións das solicitudes admitidas ás que se lles propón a concesión da praza, seguidas das solicitudes que inda cumprindo os requisitos esixidos non obteñan a praza por insuficiencia de puntuación, as cales pasarán a engrosar o “listado de suplentes”, finalizando coas solicitudes desestimadas e excluídas con expresión da súa causa. Esta proposta de resolución provisional non crea dereito algún a favor do/a beneficiario/a da praza ata que non se teña procedido á resolución definitiva aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Esta Comisión resolverá calquera incidencia e/ou dúbida interpretativa que poidan xurdir na aplicación das bases da presente convocatoria. O presidente poderá decidir que asista a esta comisión calquera outro/a asesor/a técnico/a ou profesional cualificado/a do mundo da ensinanza da lingua estranxeira, que actuará con voz pero sen voto.

Décimo primeira.- Concesión e resolución das prazas

A adxudicación terá carácter de concorrência competitiva, e será efectuada segundo os criterios de baremación que figuran no punto sétimo destas bases. Polo tanto non será suficiente para obter asignación de praza, reunir todos os requisitos esixidos nesta convocatoria, senón obter tamén un número de orde que sitúe ao alumno/a solicitante dentro das 927 prazas que se van conceder.

No caso de se produciren empates na puntuación final, o criterio de desempate será a menor renda per cápita, e se este criterio non fora suficiente os empates resolveranse mediante un sorteo en acto público no que se extraerá a letra de prioridade do 1º apelido. O/a primeiro/a solicitante seleccionado será aquel que tendo en conta a orde de extracción, o seu primeiro apelido comence pola letra extraída. Non se terán en conta artigos ou preposicións que acompañen aos apelidos. De non existir un solicitante cuxo primeiro apelido comece pola letra extraída, o primeiro solicitante seleccionado será aquel cuxo primeiro apelido sexa o inmediato posterior de acordo coa orde alfabética. Logo do sorteo e de persistir o caso de empate darase preferencia ao solicitante de máis idade.

Cos solicitantes non seleccionados que reúnan os requisitos da convocatoria, formarase unha única lista de suplentes ordenada por puntuación final obtida e renda per cápita, para o caso de que existan baixas ou renuncias na lista inicial de alumnado con praza adxudicada. De existir prazas vacantes por renuncia, estas serán ofertadas ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada de lista de suplentes.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

Unha vez avaliadas as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan no punto sétimo, e examinadas e resoltas as alegacións achegadas polos/as interesados/as, o Servizo municipal de Educación, conforme aos informes da Comisión de valoración, elevará a Xunta de Goberno Local unha proposta de resolución definitiva que incluírá unha relación na que se indicarán todos os solicitantes que participan na convocatoria con nome e apelidos, DNI anonimizado e puntuación obtida, e resolución das prazas, indicando o estado de: Adxudicada, lista de suplentes ou denegada, con indicación do motivo ou motivos polos que se denega.

Así mesmo, fará constar expresamente que da información que obra no seu poder despréndese que os adxudicatarios cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás prazas. Seguindo os principios de transparencia e de boas prácticas nas administracións públicas o Servizo de Educación publicará a relación de adxudicatarios/as na súas páxinas web oficiais "<https://escolas.vigo.org/vigoeningles>" e/ou "<https://www.vigoeningles.org/convocatoria>", no taboleiro de anuncios do Servizo de Educación e nos taboleiros de anuncios dos centros educativos que aporten alumnado participante.

O Servizo Municipal de Educación, mediante o envío dun sms ou correo electrónico, comunicará con antelación suficiente ás familias do alumnado con praza adxudicada a resolución concreta no referente á achega familiar correspondente (exento/a de pago ou con pagamento pola contía asignada)

Décimo segunda.- Aceptacións e renuncias

As listas definitivas de solicitudes adxudicadas, denegadas ou en lista de suplentes serán publicadas nas webs do programa "<https://www.escolas.vigo.org/vigoeningles>" e/ou "<https://www.vigoeningles.org/convocatoria>". Os/as alumnos/as aos que se lles adxudiquen as prazas definitivamente, previo acordo adoitado pola Xunta de Goberno Local, deberán proceder a realizar a aceptación, e correspondente pago de se lo caso, ou renuncia da praza no prazo de 5 días hábiles contados dende o día seguinte á publicación das listas definitivas nas páxinas web do programa:

- **Exentos de pago-** Tramitarán vía telemática no sitio web "<https://vigo.org/vigo-ingles>" a aceptación expresa da praza, xerando un formulario de autoliquidación cero.
- **Con achega familiar-** Tramitarán vía telemática no sitio web "<https://vigo.org/vigo-ingles>" a aceptación expresa da praza, e realizarán o pagamento da contía asignada de achega familiar, ben a través da pasarela bancaria ou xerando o recibo de pago para posteriormente efectuar o mesmo de xeito presencial nas entidades bancarias pertinentes.

A non xustificación da aceptación da praza mediante a tramitación do formulario de autoliquidación 0 (para aqueles exentos de pago) ou do ingreso da cantidade indicada (para aqueles con achega familiar asignada), dentro do prazo que se fixe, implica a renuncia á praza adxudicada.

Os beneficiarios/as con pagamento efectuado non terán dereito á devolución da cantidade aboada no caso de renuncia posterior, agás causa grave debidamente acreditada co correspondente xustificante documental do motivo:

- ▮ Enfermidade, accidente ou outros (deberá achegarse xustificante médico)

- Motivos familiares, enfermidade, accidente grave, falecemento dun familiar ou outros (deberá achegarse xustificación do motivo)

Inda que se teña aceptado a praza ou realizado o pagamento, todo aquel alumno/a beneficiario/a que 4 semanas antes da data de saída da viaxe, non teña en vigor a documentación necesaria para a realización da viaxe, poderá perder a praza adxudicada, que será ofertada ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada na lista de suplentes.

Con antelación suficiente á data de realización da viaxe, o Servizo Municipal de Educación enviará a cada centro educativo unha relación do alumnado do seu centro participante no programa na que figure nome e apelidos, lugar de inmersión lingüística e datas de ida e volta das viaxes, polo que cómpre que aqueles alumnos/as que resulten adxudicatarios/as definitivos e teñan previsto cambiar de centro educativo para o seguinte curso lectivo escolar, comuniquen coa debida antelación esta circunstancia ao servizo municipal de educación, coa finalidade de poder trasladar a información concreta actualizada ao seu novo centro educativo.

Décimo terceiro.- Expulsión do programa

Poderán ser causas para a expulsión dun alumno/a do programa as faltas de disciplina, o reiterado mal comportamento e o incumprimento das normas establecidas. Poderán ser motivos de expulsión inmediata os seguintes:

- O incumprimento das leis do país ao que viaxan en que se desenvolve o programa.
- O incumprimento das normas establecidas para o desenvolvemento das actividades.
- O consumo de alcohol se non se ten a idade legal para facelo no país onde se desenvolve o programa.
- O consumo ou a posesión de drogas ou substancias ilegais.
- Automedicación sen autorización médica.
- Condutas disruptivas e/ou comportamentos asociais.
- Comportamentos contrarios ás normas de convivencia nos diferentes eidos onde se desenvolven as actividades.
- Aqueles outros motivos que se recollan no regulamento de réxime interno do programa.

No caso de expulsión, o/a expulsado/a deberá facerse cargo dos gastos da viaxe ocasionados polo seu regreso anticipado, así como de ser o caso, do importe dos danos ocasionados ou derivados das ditas condutas. Igualmente, no caso do alumnado que se atope realizando a estadía e decida abandonar o programa, sen unha causa grave debidamente xustificada, a persoa solicitante asumirá os gastos ocasionados polo seu regreso anticipado.

Décimo cuarto.- Reclamacións

Fronte a esta convocatoria e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución cabe interpoñer, no prazo dun mes, dende o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, recurso potestativo de reposición perante o órgano que as ditou, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

Décimo quinto.- Tratamento de datos de carácter persoal



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

Os datos persoais facilitados neste formulario, indispensables para a xestión da convocatoria, incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar adecuadamente o “Programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo – Vigo en Inglés 2025”.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no Programa e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito da educación, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Programa, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos serán obxecto de cesión á empresa adxudicataria do Programa municipal de inmersión lingüística, que asume expresamente as responsabilidades que como encargada do tratamento deses datos lle corresponden. Poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

Décimo sexto.- Disposición final

A presentación da solicitude para a participación no programa, implica o coñecemento e a aceptación expresa das presentes bases desta convocatoria, así como de cada unha das resolucións que se adoiten ao longo do desenvolvemento do proceso de selección.

5(152).- SUBVENCIÓN Á ENTIDADE SOCIAL CICLISMO FAN MANAGER PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “A GRAN BIKEDADA”. EXPTE. 24471/333.

Visto o informe xurídico do 07/02/2025 e o informe de fiscalización do 27/02/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 30/01/2025, asinado polo xefe do servizo de Deportes, e conformado polo concelleiro-delegado, o concelleiro da Área de Goberno e a Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

1.1.- Con data 28.01.25, Manuel Alonso Fernández, en n/r da entidade SOCIAL CICLISMO FAN MANAGER, solicitou ó Concello de Vigo unha subvención para a organización e desenvolvemento na cidade de Vigo do proxecto A GRAN BIKEDADA.

1.2.- A solicitude de subvención inclúe un orzamento equilibrado de ingresos-gastos por un importe total de 36.146,57€.

1.3.- Xunto a dita solicitude, a entidade interesada presenta a seguinte documentación:

- Proxecto deportivo do Evento.
- Memoria económica de ingresos e gastos.
- Anexos I.1 (modelo solicitude), I.2 (Orzamento equilibrado de ingresos-gastos) e I.3 (declaración responsable).
- Certificado de ausencia de débedas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.
- Certificado de inscrición no Rexistro Nacional de asociacións
- Certificado titularidade conta bancaria.
- CIF da entidade, DNI do representante legal e estatutos da entidade.
- Certificado de composición da Xunta directiva.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade converterse en acolledora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

Neste caso o evento A GRAN BIKEDADA é un dos eventos máis relevantes na Comunidade Galega no ámbito do ciclismo de montaña afeccionado.

A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”.

Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento dunha liña de apoio ó desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo, dinamizados por diferentes entidades, e á promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

Neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións dos organismos nacionais ou internacionais que ostentan os dereitos das competicións e cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

A subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido no dito plan (Liña 4-.Fomento actividades sociais-4.5-.Dinamización de eventos deportivos) a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acolledora de eventos deportivos como ferramenta de colaboración e apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística creando un entorno de promoción do deporte vinculado ó espectáculo deportivo como ferramenta de ocio.

Segundo.- O carácter excepcional da subvención.

O carácter excepcional que dificulta a convocatoria pública desta proposta de subvención ven determinado pola singularidade e envergadura do proxecto.

Non é posible atopar eventos comparables na cidade de Vigo, e incluso a nivel Galego, dada a súa singularidade, que podan igualar o seu nivel deportivo e o seu impacto social e deportivo.

Dita relevancia deportiva e social queda avalada en primeiro lugar polo volume de participantes. Non existe na cidade de Vigo ningunha oferta na modalidade similar, tendo en edicións anteriores a participación de case 1.000 ciclistas. Esta cifra é moi relevante, e converte ó evento nun espectáculo deportivo de gran espectacularidade.

Nas anteriores edicións, o evento acolleu participantes de practicamente todos os recunchos do territorio nacional e Portugal, incluíndo lugares como Almería, Cádiz, Navarra, Guipúzcoa, Asturias..., tal como detalla a entidade solicitante no proxecto presentado.

A especialización e a excelencia alcanzadas polo evento o colocan nunha categoría única e destacada na modalidade, outorgándolle un nivel óptimo de acollida na cidade.

A Gran Bikedada garante un nivel competitivo e espectáculo que supera calquera outro do noso entorno.

A entidade organizadora ven organizando o evento dende 2014, sendo esta de 2025 a décima edición, o que lle confire o status de clásico e arraigado no calendario ciclista anual da comunidade Galega.

Terceiro.- O interese público, social, económico o humanitario do proxecto a subvencionar e imposibilidade de convocatoria pública.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión a nivel Galego, que conte cunha ampla promoción da actividade deportiva e o alto nivel deportivo da competición, que atraerá á cidade ós es á mellores deportistas a nivel galego.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

A singularidade e relevancia do evento atrae a participación de cerca de 1.000 deportistas de mais de todo o territorio nacional, o que permite colocar a Vigo como polo de atención durante a súa celebración.

Por outra banda, esta subvención tamén queda xustificada no interese económico e social municipal que presenta o evento para esta cidade.

A Gran Bikedada ten non só un impacto deportivo e cultural da máxima relevancia. Ademais, atrae un número relevante de visitantes cada ano, xerando un importante fluxo de ingresos para a hostalaría, o comercio local, outros sectores relacionados e, en definitiva, para a cidade, constituíndose nun motor económico de impulso para o turismo, o comercio local, a creación de emprego e a promoción da imaxe da cidade.

A traxectoria e relevancia do evento o sitúa como un referente dos deportes de bicicleta de montaña.

Estes datos identifican claramente a importancia do evento que se vai desenvolver na cidade, cunha repercusión relevante, coa presenza de deportistas de todo o país e Portugal e cunha asistencia de público destacada.

Este evento ademais de servir de escaparate para a cidade, ofrecendo a oportunidade de mostrar a capacidade de Vigo como sede de grandes competicións, impulsará o comercio local, promovendo obxectivos en liña cos obxectivos do Concello de Vigo neste ámbito.

As características propias do evento imposibilitan a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa, fundamentada, ademais, nos seguintes argumentos:

- Promoción do deporte vigués, favorecendo a consolidación de Vigo como “Cidade acolledora de grandes eventos deportivos”.
- Fomento de proxectos que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:
 - Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
 - Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
 - O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
 - Dinamización de propostas de interese para a cidadanía.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

- Creación de pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos para os e as deportistas vigueses mais mozos.
- Celebración de grandes competicións deportivas que potencien a práctica deportiva entre os deportistas vigueses e as deportistas viguesas.
- Promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, a proposta exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

En conclusión, e en relación co anteriormente exposto, considérase acreditado que a celebración deste evento deportivo ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, quedando xustificado ademais o seu carácter excepcional, o que fundamenta a proposta de tramitación dunha subvención. Ademais, consonte co artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, a subvención canalizarase a través dunha resolución cuxo texto se someterá á aprobación por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

PROPOSTA

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 2.000,00€ a favor da entidade SOCIAL CICLISMO FAN MANAGER (CIF G.27769397) para a realización do evento deportivo “A GRAN BIKEDADA” de acordo coas condicións e compromisos que se detallan no texto anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 2.000,00€ para subvencionar a edición do ano 2025 do evento A GRAN BIKEDADA a favor da entidade SOCIAL CICLISMO FAN MANAGER (CIF G.27769397), segundo resulta da documentación do expediente nº 24471-333. Este crédito aplicarase con cargo á aplicación orzamentaria 3410.4890001 do orzamento xeral vixente da Concellería de Deportes.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONDICIÓN E COMPROMISOS VINCULADOS COA PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE SOCIAL CICLISMO FAN MANAGER EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO PROXECTO DEPORTIVO “A GRAN BIKEDADA” (Expte. 24471-333).

I.- O obxecto desta resolución é regular o outorgamento da subvención polo desenvolvemento do proxecto de organización do proxecto deportivo A GRAN BIKEDADA.

II.- O Concello de Vigo ten interese en potenciar a oferta deportiva que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as manifestacións da cultura e deporte. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta deportiva diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores deportivos.

III.- Esta resolución incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que persegue.

IV.- O carácter deportivo e cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.l e 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

V. A entidade SOCIAL CICLISMO FAN MANAGER non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 24471-333.

En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo que para a cidade de Vigo representa a celebración na cidade de Vigo do evento deportivo A GRAN BIKEDADA, se establecen os seguintes compromisos:

COMPROMISOS

Primeiro.- A entidade SOCIAL CICLISMO FAN MANAGER deberá:

1º.- Organizar o evento deportivo A GRAN BIKEDADA nas condicións detalladas na memoria presentada pola entidade e que acompaña ó expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven do desenvolvemento do proxecto.

3º.- Garantir as condicións necesarias co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades

5º.- Dar axeitada publicidade ao financiamento municipal.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

6º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc... , e entregala ó Concello de Vigo xunto coa xustificación.

7º.- En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

8º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder á entidade SOCIAL CICLISMO FAN MANAGER unha subvención pola organización das A GRAN BIKEDADA por importe de 2.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.4890001 do orzamento en vigor da Concellería de deportes mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento do proxecto.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos na presente resolución.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada de conformidade co indicado no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Sexto.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Sétimo.- A beneficiaria terá de prazo ata o 15 de novembro de 2024 para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A teor do disposto no artigo 81 do Regulamento da Lei 38/2003, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

- a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas n presente resolución, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.
- b) Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:
 - Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
 - Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se achen con especificación da súa data de emisión, proveedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
 - Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto desta subvención. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturás cumpriran os requisitos establecidos para súa ex-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

pedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan á natureza da actividade subvencionada.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe da subvención.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación, será comprobada pola área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. O persoal técnico do Servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A presente resolución terá vixencia dende a súa sinatura ata o 15 de novembro de 2024 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación e non será prorrogábel.

Décimo cuarto.- A área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación desta resolución, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire esta resolución e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto da presente resolución rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen nesta resolución; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

6(153).- SUBVENCIÓN Á ENTIDADE TRASNOS BEISBOL CLUB PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2024-2025. EXPTE. 24469/333.

Visto o informe xurídico do 07/02/2025 e o informe de fiscalización do 25/02/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 31/01/2025, asinado polo xefe do servizo de Deportes, e conformado polo concelleiro-delegado, o concelleiro da Área de Goberno e a Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

a.- Con data 22.01.25 a entidade TRASNOS BC presentou a través do rexistro xeral do Concello de Vigo (Doc. 250015938) a solicitude de subvención polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2024-2025.

b.- Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

c.- Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos, entre os que se atopa o fomento ó deporte de alto nivel.

d.- Por outra banda, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, o Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026. Este plan inclúe entre outras cuestións, unha liña estratéxica orientada a fortalecer o apoio e a axuda ás

entidades deportivas da cidade de Vigo polo desenvolvemento dos proxectos de actividade vinculados coa participación en competicións federadas de alto nivel.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 18.000,00 € € prevista na partida orzamentaria 3410.4890012 a favor da entidade TRASNOS BC polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2024-2025.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de fomento da actividade colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva TRASNOS BC conta cun equipo de elite na modalidade de Béisbol na categoría Liga Nacional de Primeira División. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Liga Nacional de Primeira División hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2024-2025, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade TRASNOS BC e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da proposta responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *"Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.."* e que *"...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre"*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio entre o Concello de Vigo e a entidade TRASNOS BC para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A Subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido na liña orientada á promoción do deporte de elite, a consolidar proxectos deportivos que sirvan de referencia para a xuventude deportista, colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para conseguir unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte, ou a consolidar a promoción da imaxe da cidade de Vigo no ámbito deportivo a nivel nacional.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Segundo.- Motivación

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4890012 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade TRASNOS BC durante a tempada deportiva 2024-2025 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2025.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Terceiro.- Proposta

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade deportiva TRASNOS BC para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2024-2025 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 18.000,00 € a favor da entidade TRASNOS BC co CIF: G27750645 e enderezo social en Cantabria, 210, en Vigo, CP (36206), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 24469-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4890012 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE TRASNOS BC EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2024-2025 (EXPTE. 24469-333).

REUNIDOS

Dunha parte, Javier Pardo Espiñeira, segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024).

Doutra, Miguel Castañal Espinosa, como presidente da entidade TRASNOS BC co CIF G27750645 e enderezo social en Rúa Cantabria, 210, (36206), en Vigo, en representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 24469-333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é subvencionar ó desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade TRASNOS BC durante a tempada 2024-2025. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría Liga Nacional de Primeira División desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade TRASNOS BC desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2024-2025.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade TRASNOS BC impulsa e estimula a participación da mocidade no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Béisbol en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4890012 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 18.000,00 €, a favor da entidade deportiva TRASNOS BC.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade TRASNOS BC na tempada deportiva 2024-2025.

VI.- Que a entidade TRASNOS BC non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (Estado e CCAA) e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 24469-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o TRASNOS BC conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade TRASNOS BC comprométese á promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...

- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Béisbol na tempada 2024-2025.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo ou adestramento, de non ser posible na de xogo, colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º.- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade TRASNOS BC na tramitación das solicitudes relativas á realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade TRASNOS BC (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade TRASNOS BC unha subvención por importe de 18.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4890012 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2024-2025.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado. En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de

subvención na convocatoria por concorrência competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2024-2025 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartellaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2025 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2024-2025. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do

compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV, capítulo I, e arts 59, 65, 67, 68 y 69 do capítulo II da LXS e Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de novembro de 2025 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais.

A finalidade da súa recollida é a instrución e tramitación do procedemento de concesión desta subvención, así como o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa de aplicación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto polo Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento e do Consello de 27 de abril de 2016 e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses. A súa modificación requirirá acordo unánime das partes asinantes.

Vixésima segunda.- En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extingúese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.
 - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
 - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.

e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

7(154).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, EN RELACIÓN COAS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, RESCATE E SALVAMENTO NOS ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS E INSTALACIÓNS DESCUBERTAS. EXPTE. 18498/306.

Visto o informe de fiscalización do 28/02/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 27/02/2025, asinado polo xefe do servizo de Medio Ambiente, e conformado pola concelleira-delegada e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- Antecedentes:

I.- A Orde do 27 de xaneiro de 2025, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia (DOG 13/02/2025) establece as bases reguladoras das subvencións a entidades locais de Galicia, en réxime de concorrência competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento PR460D).

A terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística 21/02/2025 ditou orde de inicio de procedemento administrativo para solicitar á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia subvención no marco da convocatoria regulada pola citada "orde do 27 de xaneiro de 2025 (DOG 13/02/2025).

O Tesoureiro e Director Superior Contable e Orzamentación emitiu informe asinado o 27/02/2025 sobre ter rendida a conta xeral do Concello de Vigo de 2023 ao Consello de Contas de Galicia nos prazos legalmente establecidos.

O xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, coa conformidade da concelleira delegada de Medio Ambiente e da concelleira delegada de Área, asina memoria do servizo subvencionada o 27/01/2025.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

II.- Características da subvención:

Obxecto da subvención (artigo 1): subvencións, en réxime de concorrência competitiva, para o financiamento dos gastos que realicen as entidades locais galegas para a prestación dos servizos de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e/ou instalacións acuáticas descubertas de titularidade municipal no ano 2025.

Financiamento (artigo 2): con cargo aos orzamentos xerais da C.A. de Galicia do ano 2025.

Entidades Beneficiarias (artigo 3): entidades locais galegas que cumpran os seguintes requisitos:

Ter espazos acuáticos naturais inscritos na sección I do Rexistro de Augas de Baño de Galicia, adscrito ao órgano directivo competente en materia de saúde pública, ou ter instalacións acuáticas descubertas de titularidade municipal.

Ter remitida a conta xeral da entidade local, correspondente ao exercicio orzamentario de 2023, ao Consello de Contas.

Gastos subvencionables (artigo 4): os custes salariais en que incorra o entidade local, entre o 1 de xuño e o 30 de setembro de 2025, do persoal adicado á prestación dos servizos de vixilancia, rescate e salvamento en espazos acuáticos naturais situados no ámbito territorial da entidade local.

Entre os gastos subvencionables do persoal están:

“3. De prestar o servizo de vixilancia, rescate e salvamento unha empresa externa me diante un contrato de servizos, serán subvencionables os gastos desta contratación, na contía que corresponda exclusivamente aos custos do devandito servizo prestado entre o 1 de xuño e o 30 de setembro de 2025. Non se subvencionarán os custos destinados á prestación doutros servizos ou funcións, aínda que formen parte do obxecto do mesmo contrato de servizos.”

Contía e intensidade da subvención (artigo 5):

“2. O importe máximo da subvención inicial asignada a cada entidade local non poderá superar o 90 % do orzamento establecido na memoria a que fai referencia o artigo 7 destas bases, co límite de 40.000 euros por entidade beneficiaria.

3. No caso de que exista crédito suficiente para atender as solicitudes, poderá incrementarse a dita porcentaxe, sen que en ningún caso o importe da subvención poida superar o orzamento das actuacións para as que se solicita a subvención.”

Forma e prazo de presentación de solicitudes (art. 6): Por medios electrónicos a través de formulario normalizado, no prazo dun mes desde a publicación da orde no DOG (13/02/2025).

Por tanto, o prazo de presentación da solicitude remata o 13 de marzo de 2025.

Documentación (artigo 7): A solicitude da subvención precisa, entre outra documentación, conforme ó artigo 7 da citada Orde de 27 de xaneiro de 2025:

“Artigo 7.

Documentación complementaria

1. As entidades locais interesados deberán achegar co anexo I de solicitude, debidamente cuberto, a seguinte documentación:

a. Certificación emitida e asinada electronicamente pola persoa responsable da secretaria da entidade local solicitante, no modelo do anexo II, na cal se faga constar:

i. O acordo da entidade local polo cal se solicita a subvención para actuacións concretas que se pretenden desenvolver ao abeiro desta orde e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

Este acordo deberá estar adoptado antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes e nel constará expresamente que se aceptan as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na orde.

ii. A remisión da conta xeral da entidade local ao Consello de Contas de Galicia, correspondente ao exercicio orzamentario de 2023, á cal fai referencia o artigo 3.2. desta orde.

No certificado quedará acreditado que esta remisión se efectuou antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes, polo que se consignará a data de envío ao Consello de Contas e non se admitirán aquelas en que non se faga constar esta data de remisión.

b. Unha memoria do servizo que se vai realizar, asinada electronicamente polo alcalde ou pola alcaldesa, en que se detalle o persoal e o orzamento relativo aos custos de persoal de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e/ou instalacións acuáticas descubertas de titularidade municipal ou, de optar pola xestión indirecta do servizo, o orzamento do contrato.

(...)”

Forma de xustificación e pagamento da actividade: Na forma sinalada no artigo 16 da Orde. A data límite para a execución das actuacións subvencionadas é o 30 de setembro de 2025 e para presentar a documentación xustificativa da subvención será o 15 de novembro de 2025.

III.- Memoria do servizo subvencionable.

O xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo coa conformidade da concelleira delegada de Medio Ambiente e da terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística, asinan memoria do servizo subvencionada en data 27/02/2025.

Os aspectos mais salientables da memoria do servizo subvencionable son os seguintes:

ACTIVIDADE SUBVENCIONABLE DO CONCELLO DE VIGO.

O Concello de Vigo cumpre cos requisitos establecidos no artigo 3 da Orde do 27 de xaneiro de 2025 (DOG 13/02/2025) para ser beneficiaria da subvención.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

O Concello de Vigo vai prestar os servizos de vixilancia, rescate e salvamento en espazos acuáticos naturais, doce praias, situadas no Concello de Vigo para o período 15 de xuño de 2025 ata o 15 de setembro de 2025 a través dun contrato administrativo de servizos (artigo 4, apartado 1 e 3).

CONTRATO ADMINISTRATIVO DOS SERVIZOS:

O pasado 15 de setembro de 2024, rematou o contrato administrativo de servizos ao amparo do cal se viñeron prestando os servizos municipais de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e de seguridade e accesibilidade ao baño para persoas con mobilidade reducida en determinadas praias do termo municipal Vigo no período 15 de xuño a 15 de setembro, anos 2020 a 2024, (expte. 14428/306).

A terceira tenente de alcalde e concelleira delegada da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística, ao abeiro do establecido no artigo 116.1., Disposición adicional segunda, apartado 4, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), acordo de delegación de competencia da Xunta de Goberno Local de 28/06/2024 (BOPPO, 10/07/2024) en relación coa resolución do alcalde da mesma data (BOPPO, 09/07/2024), resolveu o 1/10/2024, iniciar o procedemento administrativo maior para a contratación dos servizos de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas do termo municipal de Vigo e ordenar a redacción e incorporación ao expediente dos documentos que sinala o artigo 116 da LCSP e demais que legalmente proceda de conformidade coa citada norma (expte. 18174/306).

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión ordinaria do 17 de xaneiro de 2025, adoptou o seguinte acordo que na súa parte resolutiva di:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para a prestación do servizo de “vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas do termo municipal de Vigo así como a execución das prestacións relativas á bandeira azul que se recollen apartado 10 do prego de prescricións técnicas particulares”, expte. 18174/306.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, asinado dixitalmente polo xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo o 08/11/2024 ao que se lle incorporan cinco anexos.

TERCEIRO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado dixitalmente pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o 13/01/2025.

CUARTO.- Autorizar o gasto de 819.983,66 € (IVE 21% engadido) para o ano 2025; sendo o importe do gasto (IVE 21% engadido) de 845.347,15 € para o ano 2026, 862.698,62 € para o ano 2027, 880.716,13 € para o ano 2028 subordinado á existencia do crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos ao abeiro do establecido no artigo 174 do Rdl 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, con cargo á partida orzamentaria . O Importe total do contrato é de 3.408.745,56 € IVE engadido (2.817.145 € importe sen IVE e 591.600,47 € importe da cota do IVE).

QUINTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite ordinario conforme ao previsto na LCSP.”

O prazo de presentación de oferta no referido contratado de servizos en tramitación rematou o pasado día 19/02/2025 inclusive e agora atópase na fase de avaliación de ofertas presentadas.

ORZAMENTO SUBVENCIONABLE DO SERVIZO DE VIXILANCIA , RESCATE E SALVAMENTO:

O artigo 4.3. da Orde da convocatoria sinala:

“3. De prestar o servizo de *vixilancia, rescate e salvamento unha empresa externa* mediante un contrato de servizos, serán subvencionables os gastos desta contratación, na contía que corresponda exclusivamente aos custos do devandito servizo prestado entre o *1 de xuño e o 30 de setembro de 2025. Non se subvencionarán os custos destinados á prestación doutros servizos ou funcións, aínda que formen parte do obxecto do mesmo contrato de servizos.*”

Tamén, o artigo 7.b. da Orde da convocatoria sinala, entre a documentación esixible:

“b. Unha memoria do servizo que se vai realizar, asinada electronicamente polo alcalde ou pola alcaldesa, en que se detalle o persoal e o orzamento relativo aos custos de persoal de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e/ou instalacións acuáticas descubertas de titularidade municipal ou, *de optar pola xestión indirecta do servizo, o orzamento do contrato.*”

De conformidade co exposto e o antes indicado (apartado III), o Concello de Vigo, Servizo de Medio Ambiente, ten en tramitación un procedemento administrativo aberto, trámite ordinario para a contratación da prestación dos “vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas do termo municipal de Vigo así como a execución das prestacións relativas á bandeira azul que se recollen apartado 10 do prego de prescricións técnicas particulares”, expte. 18174/306.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

Os servizos prestaranse este ano 2025, en trece praias do Concello de Vigo: “Rodas (Illas Cíes), Fortiñón, Canido, O Vao, Fontaíña, Samil, Argazada, Tombo do Gato, Santa Baia, Carril, O Adro, A Punta, Mende, no período comprendido do 15 de xuño a 15 de setembro de 2025.

Segundo a memoria económica, prego de prescricións técnicas particulares, prego de cláusulas administrativas particulares que forman parte do expediente administrativo de contratación número 18174/306, que foi aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión do 17 de xaneiro de 2025, como antes se indicou, o orzamento previsto para a prestación dos ditos servizos do 15 de xuño ó 15 de setembro de 2025 ascende a un total de:

Importe base: 677.672,45

IVE (21%): 142.311,21

Importe total: 819.983,66 €

O orzamento de 819.983,66 euros (IVE 21%) previsto para o ano 2025, 15 de xuño a 15 de setembro”, correspondería a totalidade dos servizos obxecto do contrato que son a “vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas do termo municipal de Vigo (13 areas)”.

Ditos servizos encadraríanse dentro dos gastos subvencionables de “servizo de vixilancia, rescate e salvamento” que sinala o artigo 4.3. da Orde do 27 de xaneiro de 2025 de convocatoria da subvención.

Por tanto, orzamento subvencionable será o seguinte, que se minorará segundo a baixa da oferta económica da empresa que resulte adxudicataria do contrato de servizos en licitación:

Ano 2025: 15 de xuño a 15 de setembro:

Importe base: 677.672,45

IVE (21%): 142.311,21

Importe total: 819.983,66 €

IV.- Financiamento das actuacións

Segundo a citada memoria de data 27/02/2025, o orzamento dos servizos subvencionables de vixilancia, socorrismo, salvamento, que se desenvolven do 15 de xuño ó 15 de setembro de 2025, en 13 praias do Concello de Vigo, será de 677.672,45 euros, máis o IVE do 21%

que é de 142.311,21, que fai un total de 819.983,66 €, que se minorará segundo a baixa da oferta económica da empresa que resulte adxudicataria do contrato de servizos en licitación.

O importe máximo da subvención sería do 90 % do dito orzamento establecido na memoria, co límite de 40.000 euros por entidade beneficiaria, sen prexuízo de que si existira crédito suficiente para atender as solicitudes, poderá incrementarse a dita porcentaxe, sen que en ningún caso o importe da subvención poida superar o orzamento das actuacións para as que se solicita a subvención (artigo 5 da Orde do 27 de xaneiro de 2025)

Os gastos destas actuacións subvencionables encadraríanse dentro dos previstos para o expediente administrativo 18174/306 de contratación dos “servizos de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas do Concello de Vigo (13 areas), cuxo expediente de contratación foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión ordinaria do 17 de xaneiro de 2025, tendo rematado o prazo de presentación de ofertas o pasado día 19/02/2025 inclusive e que agora se atopa na fase de avaliación de ofertas presentadas.

No dito expediente de contratación en tramitación (expte. 18174/306) foi emitido o seguinte documento contable para facer fronte o gasto que se prevé neste ano 2025:

RC 12024000180233 de data 05/11/2024 por un importe de 819.983,66€ para o ano 2025 con cargo á partida 1720/2270100 vixilancia PRAIAS

V.- Fundamento xurídicos:

As accións subvencionables encadraríanse dentro das competencias propias da Administración municipal e considérase xustificado o seu interese xeral toda vez que:

O artigo 25.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, regulada da bases de réxime local, sinala que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

Tamén, o apartado 2 do citado precepto establece que o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das CC.AA., en materias, entre outras, de protección civil e o medio ambiente urbano.

O artigo 110.i) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas indica que lle corresponde á Administración do Estado a elaboración e aprobación das disposicións sobre seguridade humana en lugares de baño e salvamento marítimo.

O artigo 115.d) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, sinala como competencias dos concellos, nos termos da lexislación das CC.AA., manter as praias e os lugares públicos de baño nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade así como vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade das vidas humanas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

A Orde de 31 de xullo de 1972 (BOE 02/08/1972) pola que se ditan normas e instrucións para a seguridade humana nos lugares de baño, establece no artigo 11 que “corresponde aos Concellos vixiar a observancia nos lugares de baño destas normas xerais e instrucións sobre o mantemento do material de salvamento e demais medidas de seguridade para as vidas humanas”, e nos artigos 6 a 9 sinala os servizos de vixilancia, auxilio e salvamento.

Por tanto, a día de hoxe a seguridade das persoas nas praias é unha competencia atribuída os concello de acordo co artigo 115.d) da Lei 22/1988, do 28 de xullo e artigo 2.1. e 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

A Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística ao abeiro da atribución de competencias do alcalde de data 28/06/2024 (BOPPO 09/07/2024), ten atribuído en materia de medio ambiente os servizos de vixilancia, rescate e salvamento nas praias, o que ven realización a través dun contrato administrativo de servizos (expte. 18174/306, en tramitación), nas que se encadrarían as accións subvencionadas.

Asemade, cúmprese os requisitos legais e formais esixidos pola Orde do 27 de xaneiro de 2025, da CPXD da Xunta de Galicia (DOG 13/02/2025), para ser beneficiarios da subvención que regula esta orde.

A competencia para efectuar a solicitude está atribuída ó alcalde ao abeiro do establecido no artigo 124.4. da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Porén, tal atribución delegouna na Xunta de Goberno Local segundo o establecido no apartado Primeiro. 1. da resolución de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2023 (BOPPO do 28/06/2023).

Polo exposto, proposta á Xunta de Goberno a adopción do seguinte,

ACORDO

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia a subvención ao abeiro da Orde do 27 de xaneiro 2025, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a entidades locais de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento PR460D), conforme a memoria xustificativa do servizo subvencionado redactada e asinada dixitalmente polo xefe do Servizo de Medio Ambiente o 27/02/2025, coa conformidade da concelleira delegada de Medio Ambiente e da concelleira delegada de Área, cun orzamento total de 819.983,66 € euros (IVE 21% engadido) e demais documentación obrante no expediente 18498/306, aceptando expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na citada orde.

Segundo.- Facer constar expresamente, como sinala o informe do Tesoureiro e Director Superior Contable e Orzamentación do Concello de Vigo asinado dixitalmente o 27/02/2025 e obrante no expediente 18498/306, que a rendición da Conta Xeral correspondente ao ano 2023 do Grupo Concello de Vigo, foi formada, tramitada e enviada ao Órgano de Control Externo (Tribunal de Cuentas do Estado e Consello de Contas de Galicia) nos prazos

legalmente previstos no artigo 212 e 223 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Na primeira remisión con data 02/10/2024, o Consello de Contas coa mesma data, fixo o rexistro de remisión da conta co número 2024-E-RC-1646, facendo constar a súa recepción.

Na segunda remisión (por incidencias), con data 24/10/2024 foi recibida polo Consello de Contas co número de Rexistro: 2024-E-RC-1902.

O Consello de Contas de Galicia, comunica que “como resultado.., a Conta Xeral do ano 2023 ten a consideración de conta rendida, con data 11/11/2024.....”.

Terceiro.- A concelleira delegada de Medio Ambiente, Nuria Rodríguez Rodríguez, en virtude da delegación de atribucións do alcalde nos concelleiros de 28/06/2024, BOPPO 09/07/2024, asinará electronicamente os documentos precisos en representación desta Administración municipal para solicitar a dita subvención e, no seu caso, posterior xustificación e solicitude de pagamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(155).- RESOLUCIÓN DOS RECURSOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTOS CONTRA O ACORDO DE EXTINCIÓN DA CESIÓN EN USO DA PRANTA SEGUNDA DO EDIFICIO MUNICIPAL SITO NA PRAZA DA PRINCESA Nº 7. EXPTE. 17022/240.

A) RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLO PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG):

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/03/2025, asinado polo xefe do servizo de Patrimonio, e conformado pola xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- RD 1372/1986, de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- RD 1373/2009 de 28 agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral da L 33/2003 do Patrimonio das AAPP. (RXPAP)
- RD 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e reximen xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de decembro do 2004.

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do 20/12/2024 acordou :
"PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas en data 2 decembro de 2024 pola Federación de Asociacións Veciñais de Vigo "Eduardo Chao" ao expediente de extinción do dereito de uso do local sito na planta segundo do edificio n.º 7 da praza da Princesa.

SEGUNDO.- Comunicar á Federación de Asociacións Veciñais de Vigo "Eduardo Chao" a reclamación do local sito na planta segunda do edificio nº 7 da Praza da Princesa, otorgado pola Xunta de Goberno Local o 20 de decembro de 2004, por motivo de interese público municipal, para seu destino a Oficina de Rehabilitación Municipal da Vivenda da Xerencia Municipal de Urbanismo.

TERCEIRO.- Declarar extinguida, no prazo de tres meses dende a data da notificación do presente acordo á Federación de Asociacións Veciñais de Vigo "Eduardo Chao", a cesión do dereito de uso do local sito na planta segunda do edificio nº 7 da Praza da Princesa otorgada á dita federación veciñal por acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de decembro de 2004, por causa de interese público municipal, de conformidade co disposto no acordo de cesión e no documento administrativo de data 11/03/2005 no que formalizouse este."

Segundo.- Con data 20/01/2025, interponse polo Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Vigo, recurso de reposición contra dito acordo da Xunta de Goberno Local.

No seu escrito o Grupo Municipal do BNG oponse ao acordo adoptado alegando que non se ten acreditado a necesidade ineludíbel e urxente de utilización do espazo que estaba cedido en uso á FAVEC, a falta de interese público que o xustifique, producíndose unha desviación de

poder dado que o acordo adoptado persegue unha finalidade diferente á que oficialmente se consigna no acto motivo deste recurso; é unha decisión que non obedece aos intereses do Concello como administración público, senon para os intereses particulares da formación política que conforma o Goberno; unha discriminación arbitraria, ao existir outras asociacións e entidades que teñen cedido o uso de locais ou dependencias municipais de mellores condicións do punto de vista espacial e edificativo; e vulneración de dereitos fundamentais, expresamente o dereito de asociación ao estimar que se trata de impedir o exercicio da súa actividade, incurrindo así mesmo nunha vulneración do Regulamento de Participación Cidadá (o recollido no preambulo e arts. 1 e 2), ou o previsto no artigo 4 da Lei Orgánica 1/2002 , de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación.

Solicita a anulación do acordo recurrido, procedendo á súa inmediata posta a disposición e, subsidiariamente, no caso de non estimar o solicitado, se lle ceda en uso á FAVEC outro local de titularidade municipal de análogas condición.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos arts. 123 e 124 LPACAP.

SEGUNDO.- O recurso de reposición é un medio de impugnación de determinados actos de trámite e resolucións administrativas a disposición dos administrados. Dada a natureza revisora dos recursos administrativos, é requisito imprescindible para poder interpoñer este recurso que estes actos ou resolucións incorran en determinadas irregularidades. En concreto, a Lei esixe que se de algún dos motivos de nulidade ou anulabilidade regulamentados nos artigos 47 e 48 LPACAP. Adiantar que no caso que estamos examinando, non se estima que as alegacións formuladas poidan desvirtuar a resolución que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de causa algunha de nulidade ou anulabilidade das expostas pola recorrente, e esixidas no art. 112 do citado texto legal.

TERCEIRO.- No seu recurso a recorrente incide nunha desviación de poder o considerar a falta de interes público que xustifique o acordo adoptado e perseguirse unha finalidade diferente á que oficialmente se consigna no mesmo, cuestión xa informada e resolta no acordo adoptado.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

En relación a ditas alegacións, podese sinalar o seguinte:

I.- A extinción da cesión en uso desa propiedade municipal acordouse pola concurrencia dunha causa de resolución establecida no título administrativo polo que selle otorgou dito dereito a FAVEC, aceptada expresamente pola Federación veciñal cesionaria e contemplada así mesmo na normativa reguladora do patrimonio das AAPP.

Así resulta dos termos nos que concedeuse pola Xunta de Goberno Local o 20 de decembro de 2004 a cesión do local municipal a FAVEC, e consta no documento administrativo de data 11/03/2005 no que formalizouse este, sinalando o respecto na súa clausula 1 punto 5º como causa de extinción, (...) *pola reclamación do ben, feita polo Concello de Vigo cando por motivo de interese público municipal así o requira, e previa reclamación á entidade usuaria cunha antelación mínima de tres meses.*

Condições e termos conocidas e aceptadas expresamente pola Federación veciñal cesionaria, como reflexa a clausula 2 de dito documento administrativo: *A Federación Veciñal "Eduardo Chao", acepta a cesión nas condicións que lle foi outorgada, someténdose, no non previsto nelas, o disposto na normativa reguladora do patrimonio das Administracións Públicas e demais disposicións de Dereito administrativo das Entidades Locais e preceptos pertinentes de Dereito privado de aplicación.*

II.- En segundo lugar, respecto á falta dun interese público que o xustifique, podese estimar acreditado este tanto co informe técnico xustificativo das necesidades da Oficina de Rehabilitación efectuado polo arquitecto da Oficina de Obras e Proxectos Municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo o 28.07.2023, como nos informes emitidos polos Servizos Centrais da XMU o 28/7/2023 e 24/07/2024, incorporados todos eles ó expediente, e dos que se lle deu traslado á FAVEC para seu coñecemento.

Neste senso, no fundamento de dereito segundo, apartado b), do acordo recurrido, sinalase que:

“Os informes emitidos pola XMU veñen a desvirtuar dita alegación, acreditándose o interese público municipal en dispoñer do local para súa adicación a oficina de Rehabilitación, ó demandar unha maior superficie polo o incremento dos seus medios persoais e materiais, como consecuencia da ampliación do obxecto do seu contrato, resultando o local, por superficie e ubicación, necesario e idóneo a dita finalidade.

Así resulta do sinalado no informe o arquitecto municipal da XMU: (...) - *A Oficina de Rehabilitación ocupaba unha parte do primeiro andar dese mesmo edificio ata que tivo que trasladarse ó edificio municipal sito na Rúa Subida ó Castelo no10 xa que ese primeiro andar, que ocupaba compartindo a superficie co Consorcio do Casco Vello, foi obxecto dunha reforma integral para ampliala superficie da Unidade Técnico Social do Casco Vello emprazada ata ese intre na planta baixa do edificio. A superficie que ocupaba a Oficina de Rehabilitación aca-*

daba os 100,20 m² útiles para dar servizo a 4 áreas de rehabilitación na cidade. Daquelas tiña 9 postos de traballo.

- Actualmente ocupa os dous andares do edificio municipal sito na Rúa Subida ó Castelo no10 cunha superficie útil de 220,00 m².

- A día de hoxe precísase dimensiona-la superficie desta oficina en base ó persoal do que dispón (12 postos de traballo na actualidade) e á carga de traballo, directamente vencellada ás zonas da cidade nas que teñen intervencións. Das 4 áreas de intervención ás que daba servizo cando a oficina ocupaba o primeiro andar do edificio da Praza da Princesa no7 pasa a día de hoxe a xestionar 8 áreas de intervención e 12 entornos de rehabilitación polo que as necesidades de espazo teñen que ser maiores.

PROPOSTA DE REDISTRIBUCIÓN DO SEGUNDO ANDAR DO EDIFICIO DE PRAZA DA PRINCESA No7

Para estima-la superficie de uso administrativo que precisa esta oficina adaptándoa ás características do espazo existente no segundo andar do edificio da Praza da Princesa no7 plantexouse unha proposta de redistribución dese espazo tendo en conta as necesidades da oficina.

Para elo plantexouse a disposición dunha zona de atención a público con dous postos de traballo na zona de acceso dende o núcleo vertical de comunicacións (ascensor e escaleira principal), unha zona de xestión administrativa con 10 postos de traballo, unha pequena zona de reunións, un despacho pechado e os espazos auxiliares necesarios para este tipo de actividade (aseos de persoal, aseo de público adaptado, almacén material e espazo de instalacións).

Para o amoboamento do espazo empregáronse as dimensións do mobiliario co que conta na actualidade a Oficina de Rehabilitación reservando os anchos habituais para accesos e atención ó cidadán.

Como resultado desta proposta de redistribución, que forma parte deste informe, concluímos que a Oficina de Rehabilitación precisaría ocupa-la totalidade do segundo andar do edificio da Praza da Princesa no7 para poder acolle-lo persoal necesario para a xestión das áreas de intervención e dos entornos de rehabilitación nos que teñen competencias na actualidade.

Ou do informado polos Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo:(...) II.- Necesidades actuais.

De acordo cos vixentes Estatutos deste Organismo Autónomo e coas delegacións do Alcalde- Presidente e da Xunta de Goberno Local, esta Xerencia Municipal de Urbanismo exerce de forma permanente, desde a súa creación en 1996, competencias en materia de vivenda. Desde o ano 2000 conta coa xestión externalizada dunha Oficina de Rehabilitación Municipal da Vivenda.

Os ámbitos de actuación desta Oficina de Rehabilitación Municipal foron aumentando desde súa creación, especialmente nos últimos anos. Ata mediados de 2021 traballaban xestionando axudas para catro ámbitos: Casco Vello, Bouzas, rúas Moaña e Bueu de Coia e casas de Santa Clara. En xuño de 2021 decláranse catro novas áreas de rehabilitación integral: Beiramar, Espiñeiro-Teis, San Pablo e San Roque. O 23.11.2022 o Instituto Galego de Vivenda e Solo comunicou a este Concello de Vigo a concesión dun financiamento máximo de 6.400.000,00 euros, como participante do Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea (fondos Next Generation EU), destinados ós 8 citados ámbitos, máis 4 declarados como “Entornos Residenciais de Rehabilitación Programada”, que inclúe “Fenosa”, “A Salgueira”, “Gorxal” e o descontinuo “Alcalde Lavadores-Canicouva-Escolas Públicas”.

Desta forma, como mínimo, duplicouse o traballo que viña realizando a Oficina de Rehabilitación ata 2021, o que supuxo:

- A modificación ó alza do contrato que externaliza este servizo: incremento do prezo do 49,14 % en total (dúas modificacións aprobadas en 2022 e 2023).

- A necesidade de dispoñer dunha superficie superior para o funcionamento operativo do servizo: nas dependencias da rúa Subida ó Castelo núm.10 dispón de 220,00 m², fronte ós 100,20 m² que ocupaba no primeiro andar do praza da Princesa núm. 9.

- O número mínimo de traballadores que deben prestar servizo é de 10 persoas, aínda que actualmente están prestando servizo 12.

Dado que a empresa adxudicataria do servizo ten prorrogado o seu contrato ata 31.12.2024, con data 23.04.2024 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo deste Concello de Vigo aprobou o expediente de contratación do servizo encargado da xestión da Oficina de Rehabilitación da Vivenda en Vigo (expediente 16316/407), para os anos 2025, 2026 e 2027 (con posibilidade de prórroga por dous anos máis).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

Nesta contratación do servizo de xestión da Oficina de Rehabilitación da Vivenda prevese que este Concello de Vigo poña a disposición o local onde se desenvolva a súa actividade, considerándose de vital importancia que a súa localización sexa nun lugar accesible e de fácil identificación para os cidadáns que teñen que dirixirse ó mesmo para solicitar información ou realizar trámites. A tal efecto, a Praza da Princesa é o sitio adecuado, toda vez que as actuacións de rehabilitación no Casco Vello son as de máis implantación, sendo ademais o epicentro do término municipal para actuar no resto dos ámbitos. A localización actual na Subida ó Castelo, que ten un carácter provisional, presenta serios problemas: o edificio está mal illado (ten fortes filtracións de auga), é ineficiente enerxeticamente, non é axeitado para o traballo de oficina e presenta unha mala localización, por canto non é un sitio de paso, onde se poida visibilizar as actuacións que requiren a iniciativa e colaboración cidadán.

III.- Conclusión e solicitude.

Por tanto, solicítase o retorno da Oficina Municipal de Rehabilitación da Vivenda ás dependencias municipais, en concreto ao andar segundo (enteiro) do edificio da rúa Princesa núm. 7, para poder seguir desenvolvendo as funcións que esta Xerencia Municipal de Urbanismo ten asignadas.

Polo tanto, o acordo de extinción adoptado responde a un interese público municipal, xustificado polos servizos técnicos da XMU, que demandaron a necesidade de dispoñer da totalidade do local da segunda planta do edificio nº 7 da Praza da Princesa que, pola súa situación e superficie, o consideran adecuado para destinalo a oficina municipal de rehabilitación “*toda vez que as actuacións de rehabilitación no Casco Vello son as de máis implantación, sendo ademais o epicentro do término municipal para actuar no resto dos ámbitos*”, e sen que esta extinción da cesión en modo algun resulte arbitraria ou, responda a outros motivos como os de impedir o exercicio da actividade da propia Federación Veciñal, que en calquera caso podera, al igual que o resto de asociacións veciñais acceder ao uso de medios públicos municipais, especialmente locais, coas limitacións que impoñan a coincidencia do uso por parte de varias delas ou polo propio Concello (art. 233 ROF), e para a defensa dos intereses xerais e sectoriais dos veciños (art. 72 LBRL).

Non existe conseguintemente, desviación de poder nin infracción algunha do ordenamento xurídico, nin se vulnera dereito algun da FAVEC, tendose adoptado o acordo de extinción da cesión do dereito de uso do local dacordo co procedemento legalmente previsto, por motivos de interese público municipal debidamente acreditados, e na aplicación dunha causa de extinción contemplada no título administrativo e na normativa reguladora do patrimonio das AAPP.

Por todo ello, estimándose correcta e axustada a dereito o acordo da XGL adoptado, procede conseguintemente a desestimación do recurso formulado.

CUARTO.- Corresponde á Xunta de Goberno Local resolver o recurso de reposición interposto contra seu acordo de 20/12/2024, de conformidade co disposto no art. 123 da L.39/2015 do PACAP.

Por todo ello, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte Acor-
do:

“ÚNICO. Desestimar o recurso de reposición interposto polo Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG), contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/12/2024 ó non resultar desvirtuados, polos razoamentos expostos nos antecedentes do presente, os fundamentos xurídicos que motivaron a súa adopción, non concurrido causa algunha de nulidade ou anulabilidade dos arts. 47 e 48 da LPACAP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

B) RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO “EDUARDO CHAO” (FAVEC):

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/03/2025, asinado polo xefe do servizo de Patrimonio, e conformado pola xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- RD 1372/1986, de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- RD 1373/2009 de 28 agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral da L 33/2003 do Patrimonio das AAPP. (RXPAP)
- Acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de decembro do 2004.

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do 20/12/2024 acordou :



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

"PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas en data 2 decembro de 2024 pola Federación de Asociacións Veciñais de Vigo "Eduardo Chao" ao expediente de extinción do dereito de uso do local sito na planta segundo do edificio n.º 7 da praza da Princesa.

SEGUNDO.- Comunicar á Federación de Asociacións Veciñais de Vigo "Eduardo Chao" a reclamación do local sito na planta segunda do edificio n.º 7 da Praza da Princesa, otorgado pola Xunta de Goberno Local o 20 de decembro de 2004, por motivo de interese público municipal, para seu destino a Oficina de Rehabilitación Municipal da Vivenda da Xerencia Municipal de Urbanismo.

TERCEIRO.- Declarar extinguida, no prazo de tres meses dende a data da notificación do presente acordo á Federación de Asociacións Veciñais de Vigo "Eduardo Chao", a cesión do dereito de uso do local sito na planta segunda do edificio n.º 7 da Praza da Princesa otorgada á dita federación veciñal por acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de decembro de 2004, por causa de interes público municipal, de conformidade co disposto no acordo de cesión e no documento administrativo de data 11/03/2005 no que formalizouse este."

Acordo notificado a Federación de Asociacións Veciñais de Vigo "Eduardo Chao" a en data 20 de decembro do 2024.

Segundo.- Con data 20/01/2025, interponse pola *Federación de Asociacións Veciñais de Vigo "Eduardo Chao"* recurso de reposición contra dito acordo da Xunta de Goberno Local.

No seu escrito a recorrente opoñese ao acordo de reclamación do local municipal e extinción da *cesión do dereito de uso do local sito na planta segunda do edificio n.º 7 da Praza da Princesa otorgada á dita federación veciñal*, manifestando que non se trata dunha ocupación en precario nin dunha autorización administrativa unilateral, sinon dun convenio bilateral de cesión temporal e gratuito, calificandolo como contrato de comodato, polo que non correspondería a esta administración a resolución do contrato nin acordar unilateralmente a súa extinción, debendo acudir para ello a vía xurisdiccional competente (civil u ordinaria), e incurríndose por ello en causa de nulidade ó prescindir do procedemento legalmente establecido.

Alega igualmente falta de interes publico que o xustifique, e desviación de poder o estimar que se trata de impedir o exercicio da súa actividade.

Finalmente manifesta que non é posible acordar a resolución e extinción unilateral sin ningún tipo de compensación, fixando su cuantía dacordo co precio medio de alquiler de local de negocio nesa zona.

Solicita a anulacion do acordo recurrido e, subsidiariamente, de non estimarse a mesma, o abono a dita Federaci3n da cantidade de 108.000 € en concepto de danos e perxuicios.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- Procede admitir a tr3mite o recurso de reposici3n interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos arts. 123 e 124 LPACAP.

SEGUNDO.- O recurso de reposici3n 3 un medio de impugnaci3n de determinados actos de tr3mite e resoluci3ns administrativas a disposici3n dos administrados. Dada a natureza revisora dos recursos administrativos, 3 requisito imprescindible para poder interpo3er este recurso que estes actos ou resoluci3ns incorran en determinadas irregularidades. En concreto, a Lei esixe que se de alg3n dos motivos de nulidade ou anulabilidade regulamentados nos artigos 47 e 48 LPACAP. Adiantar que no caso que estamos examinando, non se estima que as alegaci3ns formuladas poidan desvirtuar a resoluci3n que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de causa algunha de nulidade ou anulabilidade das expostas pola recorrente, e esixidas no art. 112 do citado texto legal.

TERCEIRO.- No seu recurso limitase a recorrente a incidir en cuesti3ns que xa foron plantexadas durante a instrucci3n do expediente, informadas e resoltas no acordo adoptado.

I.- Neste senso, a interesada basea o seu recurso en primer lugar, na improcedencia de que o Concello poda acordar, en via administrativa, a resoluci3n da cesion gratuita otorgada para o uso do local municipal. Como xa se ten informado e repostado a recorrente, non estamos ante un contrato de comodato, nin no exercicio da facultade recuperatoria de oficio da posesi3n dos seus bens reco3ecida as AAPP no art. 41 e 55 da LPAP. Tr3tase da extinci3n da cesion en uso dunha propiedade municipal pola concorrencia dunha causa de resoluci3n establecida no titulo administrativo polo que selle otorgou dito dereito, aceptada expresamente pola Federaci3n veci3nal cesionaria(clausula 2 do documento administrativo de data 11/03/2005) e contemplada asi mesmo na normativa reguladora do patrimonio das AAPP.

A cesion gratiuita do dereito de uso dun ben patrimonial, e un negocio xuridico de xesti3n patrimonial de caracter administrativo, previsto e regulado na normativa de patrimonio das AAPP (art.79.2 TRLRL, 145 da LPAP, e 109 e ss RBEL). Neste caso, a cesion gratuita do uso do local municipal realizouse a teor do disposto no art. 79.2



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

do TRRL e o previsto no art. 109 e 110 do RB, como así resulta do acordo da xunta de goberno Local do 20 de decembro do 2004 polo que cedese o dereito de uso, en base a que *As Entidades Locais teñen plena capacidade xurídica para a xestión e enaxenación do seu patrimonio recoñecendoselle polo regulamento xurídico a facultade de cesión gratuita do seus bens patrimoniais a Entidades ou Institucións Privadas de interese público sen ánimo de lucro, e para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal. (artigo 276 da lei 5/97 da Administración local de Galicia e artigo 109 e seguintes do RD 1372/86 de Bens das Entidades Locais)*, e no que igualmente se dispuso o cumprimento do trámite de información pública previsto no art. 110 do RBEL.

O carácter administrativo da cesión gratuita deses bens patrimoniais, e seu sometemento a normativa administrativa especial que os regula, posibilita o exercicio de determinadas prerrogativas ou potestades administrativas recoñecidas respecto dos seus bens, como pode ser a facultade de resolución da cesión en supostos, como o incumprimento dos fins e actividades para o que cedese, o transcurso do prazo máximo polo que foi outorgada, ou a revocación unilateral da cesión de uso por razóns de interese público, entre outros (art. 150 LPAP, art. 132 e 134.2 do RXPAP, e 111 RBEL).

En consecuencia procede rexeitar esta alegación, o resultar competente esta administración municipal para acordar, en vía administrativa, a resolución da cesión do dereito de uso do local.

II.- En segundo lugar, respecto o alegado sobre a falta de interese público que o xustifique, e desviación de poder, ó estimar que se trata de impedir o exercicio da súa actividade, carece de fundamento, debendo ser igualmente rexeitada. O interese municipal resulta acreditado no informe técnico xustificativo das necesidades da Oficina de Rehabilitación efectuado polo arquitecto da Oficina de Obras e Proxectos Municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo do 28.07.2023, como nos informes emitidos polos Servizos Centrais da XMU o 28/7/2023 e 24/07/2024, e incorporados ó expediente, do que se lle deu traslado a recorrente, e que xustifican a necesidade de dispoñer de dito local para destinalo a prestación dun servizo público como oficina municipal de rehabilitación, dándose con ello resposta e cobertura ó plantexado pola propia XMU, sen que esta actuación se poda estimar en modo algun arbitraria ou, como sinala a recorrente, responda a outros motivos como os de impedir o exercicio da actividade da propia Federación Veciñal. Fronte a dito informe técnico, a recorrente limitase a facer unha mera observación respecto a idoneidade do actual local onde se ubica dita oficina, que non ven a desvirtuar, en modo algun, a valoración técnica que se contén no informe Oficina de Obras e Proxectos Municipais da Xerencia, xustificativo da necesidade de traslado da Oficina de Rehabilitación

Municipal ao local da Praza da Princesa, e que acredita o interes público na adopción do acordo municipal recurrido.

Non existe polo tanto desviación de poder nin infracción alguna do ordenamento xurídico, tendose adoptado o acordo de extinción da cesión do dereito de uso do local dacordo co procedemento legalmente previsto, por motivos de interes público municipal debidamente acreditados, e na aplicación dunha causa de extinción prevista no título administrativo e na normativa reguladora do patrimonio das AAPP.

A referencia a outras actuacións desta administración para probar indiciariamente a desviación de poder, carece de fundamento, limitándose unicamente a su enunciado sen expoñer ou razonar minimamente, os motivos nos que se basa para poder considerar que foran adoptadas cunha finalidade distinta (dificultar o exercicio da actividade). O respecto e preciso salientar algúns destes supostos, nos que o seu resultado debeuse o propio actuar da recorrente, como acoteceu co "Convenio nominativo da FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO "EDUARDO CHAO" para a realización de actividades do ano 2016", no que a Xunta de Goberno Local acordou o 16/09/2016, *ter por desistida a dita Federación na súa tramitación por non ter emendada a documentación solicitada no prazo establecido; ou igualmente coa solicitude de retorno o local municipal obxecto do presente expediente, no que tampuco atendeu o requerimento efectuado polo Servizo de Participación Cidadá en data 04/08/2023, recordatorio do cumprimento das obrigas de remisión anual de documentación para actualización no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo e de cumprimento de obrigas de información por mor do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 20 de decembro de 2004 e formalizado en documento público con data 11 de maio de 2005, no que se aproba a cesión gratuíta e en precario polo prazo de 25 anos do citado local, que establece que a entidade está suxeita ao cumprimento de determinadas condicións, entre elas a de achegar, "anualmente o orzamento de gastos e ingresos, proxecto de actividades, memoria final e balance económico das mesmas".o*

III.- Finalmente, alegase pola recorrente o dereito a unha indemnización pola extinción do uso do local, o sinalar que a extinción e desahucio da ocupación en precario dun ben de dominio público se rixe por el art.59 da Lei 33/2002 do Patrimonio das Administracións Públicas, debéndose determinar no seu caso consonte o previsto no seu apartado 2.

Non estamos, no presente caso, ante a extinción dunha ocupación en precario dun ben de dominio público, nin no exercicio da potestad de desahucio, que respecto a ditos bens demaniais, regula o art. 59 da LPAP.

Tal como xa indicouse, o local municipal obxecto de cesión ten natureza patrimonial e, polo tanto, a cesión gratuíta do dereito de uso do mesmo, constitúe negocio xurídico de xestión patrimonial de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

caracter administrativo, previsto e regulado na normativa de patrimonio das AAPP (art.79.2 TRLRL, 145 da LPAP, e 109 e ss RBEL).

Neste senso, tanto no suposto de resolución da cesion por incumplimento do seu destino o fin ou uso previsto, como das cargas e condicións establecidas ou cumprimento do prazo, non contemplase que o cesionario tenga dereito a indemnización algunha, o contario, segun dispoñe o art. 150 da LPAP e 111 do RBEL, sera o cesionario o que deberá indemnizar a administración cedente dos deterioros que poidera ter sufrido o ben. E, no suposto de que se trate dunha revocación unilateral da cesión de uso por razóns de interese público, como acontece no presente caso, estableceuse expresamente que *é sin dereito a indemnización* (art.134.2 RPAP).

Conseguíntemetne, procede igualmente rexeitar dita alegación respecto a solicitude de indemnización pola extinción do dereito.

Por todo ello, estimándose correcta e axustada a dereito o acordo da XGL adoptado, procede conseguíntemente a desestimación do recurso formulado.

CUARTO.- Corresponde a Xunta de Goberno Local resolver o recurso de reposición interposto contra seu acordo de 20/12/2024, de conformidade co disposto no art. 123 da L.39/2015 do PACAP.

Por todo ello, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte Acor-
do:

“ÚNICO. Desestimar o recurso de reposición interposto pola Federación de Asociacións Veciñais de Vigo “Eduardo Chao”, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/12/2024 ó non resultar desvirtuados, polos razónamentos expostos nos antecedentes do presente, os fundamentos xurídicos que motivaron a súa adopción, non concurrido causa algunha de nulidade ou anulabilidade dos arts. 47 e 48 da LPACAP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(156).- NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO CON CARGO A PRAZA VACANTE DE TÉCNICO/A DE XESTIÓN. EXPTE. 46045/220.

Visto o informe de fiscalización do 27/02/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 24/02/2025, asinado pola técnica de organización e xestión de

RRHH e a xefa da Área de RRHH e Formación, e conformado pola concelleira-delegada e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Consta no expediente solicitude da titular de asesoría xurídica conformada pola concellería delegada competente, e declaración responsable, solicitando coa maior urxencia posible a a cobertura da praza vacante da categoría profesional de técnica/o de xestión ou técnico/a medio en relacións laborais, trala renuncia á praza interina nomeada con cargo á praza da OEP 2022, presentada pola técnica de Xestión con nº de persoal 85066, con efectos do 22 de xaneiro do 2025.

II.-Vista a documentación obrante no expediente e segundo consta no informe de verificación administrativa de data 21/02/2025, existencia de candidatos/as na listaxe de reserva da categoría profesional solicitada e dunha/un candidata/o en condicións de ser nomeada/o por presentar correctamente a documentación e aceptar o nomeamento.

III.- Consta no expediente informe técnico da non superación do límite porcentual ao nomeamento de persoal interino normativamente contemplado no art. 2.3 da lei 20/2021 e cuantificación económica do gasto de data 24/02/2025, para a proposta de gasto para o nomeamento interino dunha/dun técnico/o de xestión (A2) con cargo á praza vacante incluída na OEP 2022 (art. 10.1.a) do TREBEP).

IV.- En consecuencia, tramitado o expediente pola Área xestora, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa de aplicación

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa ***“la existencia de plazas vacantes, cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera, por un máximo de tres años, en los términos previstos en el apartado 4”*** (letra a) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *“los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”*

O concreto apartado 4 citado recolle que *“en el supuesto previsto en el apartado 1.a) las plazas vacantes desempeñadas por personal funcionario interino deberán ser objeto de cobertura mediante cualquiera de los mecanismos de provisión o movilidad previstos en la normativa de cada Administración Pública.*

No obstante, transcurridos tres años desde el nombramiento del personal funcionario interino se producirá el fin de la relación de interinidad, y la vacante solo podrá ser ocupada por personal funcionario de carrera, salvo que el correspondiente proceso selectivo quede desierto, en cuyo caso se podrá efectuar otro nombramiento de personal funcionario interino.

Excepcionalmente, el personal funcionario interino podrá permanecer en la plaza que ocupe temporalmente, siempre que se haya publicado la correspondiente convocatoria dentro del plazo de los tres años, a contar desde la fecha del nombramiento del funcionario interino. En este supuesto podrá permanecer hasta la resolución de la convocatoria, sin que su cese dé lugar a compensación económica.”

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais disto, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

No presente caso, e segundo consta na orde de incoación do expediente, tras ser aprobados os novos criterios de xestión de listas de reserva (BOPPO nº 167 de 01/09/2022), e ao abeiro do establecido nos artigos 25 e ss. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procedeuse á tramitación do expediente administrativo para a incorporación dunha/dun técnico/a de xestión (A2) con cargo á praza vacante incluída na OEP 2022

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento obxecto de proposta, tómasse como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 23.09.2022; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, efectúase ao posto de traballo cód. 179 – Técnica/o de Xestión.

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

V. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:

Segundo informe administrativo de verificación (trámite 27 do expediente) consta que:

“Ao abeiro do disposto no artigo 169.1, apartado c) do Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e no marco da tramitación do expediente administrativo núm. 46045/220 infórmase o seguinte:

- Vista a orde de incoación obrante no expediente administrativo de referencia e dilixencia para tramitación de nomeamento interino de 1 técnico de xestión (A2) con cargo a praza vacante (art. 10.1.a) TREBEP), non existindo listas de reserva vixentes nesta categoría, recórrese a listaxe de reserva de técnicas/os medios en relacións laborais aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión do 28 de abril de 2022, vixentes e con candidatas/os en condicións de ser notificadas/os (expte. 39.781/220) procedendo o chamamento por orden de prelación dos candidatas/os en estado seleccionable. En concreto:

- Consta no expediente administrativo a renuncia manifestada por escrito de A. Fernández Portas.

- Consta documento de aceptación a nome de E Padín Mariño.

- De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola XGL o 18/08/22 e modificados pola XGL de data 20/05/2022, vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, salvo erro ou omisión, procede o chamamento como técnica de xestión a candidata que se relaciona a continuación, que aceptou o nomeamento e presentou a documentación requirida para o efecto:

E Padín Mariño con DNI ***0365**

De todo o exposto, deixase constancia para os estritos efectos do expediente electrónico de referencia”

VI. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica incorporado ao expediente en data 24/02/2025:

“ O custo para 1 posto cod. 179-Técnico/a de Xestión, de iniciarse a súa relación o 01/03/2025, con cargo as partidas orzamentarias: 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte para o ano 2025:

SALARIO BASE	C DESTINO 25	C ESPECÍFICO 690	PAGA EXTRA XUÑO-DEC	S.S. EMPRE- SA 31,10%	TOTAL
11.473,50 €	7.411,50 €	12.837,60 €	5.287,10 €	11.510,02 €	48.519,72 €

Polo que o custo total para de 1 Técnico de Xestión cod. 179 sería de 48.519,72 €”

Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“ 1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

VIII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excm. Alcaldía de 28/06/2024, acordo da Xunta de Goberno Local de da mesma data.

IX.- PROPOSTA DE ACORDO

“PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de 1 funcionario interino nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: Técnica/o de Xestión
- Modalidade legal: funcionario interino para a cobertura de praza vacante (artigo 10.1, letra a) do TREBEP), con cargo á oferta de emprego correspondente ao ano 2022, salvo que proceda a súa amortización.
- Destino: Asesoría Xurídica

- Período temporal: ata a provisión definitiva da praza e en **todo caso por un máximo de 3 anos**, consonte ao establecido no artigo 10.1, letra a) e 10.4 do TREBEP.
- Custe económico: O custo para 1 postos cod. 179-Técnico/a de Xestión, de iniciarse a súa relación o 1/05/2025, con cargo as partidas orzamentarias: 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte para o ano 2025:

SALARIO BASE	C DESTINO 25	C ESPECÍFICO 690	PAGA EXTRA XUÑO-DEC	S.S. EMPRE- SA 31,10%	TOTAL
11.473,50 €	7.411,50 €	12.837,60 €	5.287,10 €	11.510,02 €	48.519,72 €

Polo que o custo total para de 1 Técnico de Xestión cod. 179 sería de 48.519,72 €

Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.

SEGUNDO: Nomear como funcionaria/o interina/o con cargo a praza vacante, ata a provisión definitiva da praza co límite temporal máximo de 3 anos nos termos e condicións do establecido no artigo 10.4 do TREBEP, así como no apartado primeiro do presente acordo, a nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, como Técnica/o de Xestión a/o candidata/o: *E Padín Mariño con DNI ***0365*** na súa condición de aspirante incorporado/a en lista, e de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

TERCEIRO: Dispoñer que a xornada laboral do efectivo nomeado desenvolverase no horario establecido pola Xefatura da Área ou Servizo, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores e concordantes incluído o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais.

CUARTO: Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, Xefatura da Asesoría Xurídica, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e persoal incluído no grupo 2, e ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.

QUINTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(157).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE FORMACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DO PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1383/2202.

Visto o informe xurídico do 25/02/2025 e o informe de fiscalización do 27/02/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 28/01/2025, asinado polo técnico de Planificación e Organización de RRHH, e conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno, e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En data 7 de abril de 2022 foi subscrito contrato entre a Concelleira-delegada da Área de Contratación do Concello de Vigo e a representación legal de ASPY PREVENCIÓN, S.L. para a prestación do servizo de formación teórica e teórico-práctica en materia de prevención de riscos laborais para o persoal do Concello de Vigo, previa adxudicación do mesmo por acordo da Xunta de Goberno Local en reunión ordinaria de data 10 de marzo de 2022 resolutorio do procedemento aberto convocado ao efecto (Exp. 1383/2202).

No apartado 4.C das FEC (follas de características do contrato) do prego de cláusulas administrativas particulares “Prórroga do contrato e, en caso afirmativo, duración” determínase expresamente a posibilidade de catro prórrogas de un ano de duración cada unha.

O contrato para a prestación deste servizo foi asinado o 7 de abril de 2022, e a prestación do servizo comezou ao día seguinte da súa sinatura, co que finalizou o 7 de abril de 2023. O prezo do contrato é de 30.000€ anuais e segundo o punto 3.K das FEC non procede a revisión de prezos.

Segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de data 03/03/2023, está en execución a segunda prórroga do contrato que finaliza o próximo 07/04/2025.

A empresa adxudicataria ven prestando os servizos contratados a plena satisfacción desenvolvendo as actividades asignadas de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares, sen ningunha incidencia coñecida.

En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) que rexe esta contratación establece que *“este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre*

que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses". O preaviso ao adxudicatario foi realizado o 23/01/2025.

En consecuencia, procede efectuar a terceira prórroga do referido contrato, a vista do referido acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de marzo de 2022 e o prego de cláusulas administrativas ao que fai referencia o citado acordo, previo o preceptivo informe de Asesoría Xurídica e, informe de fiscalización que se emita pola Intervención Xeral Municipal, cuxa imputación orzamentaria e contable parece procedente efectuala con cargo á aplicación prevista no orzamento de "Plans autoprotección e avaliación, PRL" (aplicación 920.1.2279900), e bolsa de vinculación do art. 22 do programa orzamentario da Área de Recursos Humanos e Formación para o exercicio económico 2025.

Vistas as competencias que ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o establecido no artigo 127,1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro; previa a preceptiva fiscalización do gasto proposto nos termos do establecido nos artigos 213 a 223 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; e en cumprimento das obrigas contempladas na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, pola presente o funcionario que subscribe, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, eleva á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a terceira prórroga do contrato para a prestación do servizo de formación teórica e teórico-práctica en materia de prevención de riscos laborais para o persoal do Concello de Vigo, formalizado en data 07 de abril de 2022 coa empresa ASPY Prevención, S.L., con CIF B98844574, para o período comprendido entre o 8 de abril de 2025 e o 7 de abril de 2026, en cumprimento do acordo da Xunta de Goberno Local de 10 de marzo de 2022; sendo o prezo do contrato (prórroga do mesmo) de 30.000 € euros, con cargo á aplicación orzamentaria "Plans autoprotección e avaliación, PRL" (aplicación 920.1.2279900), e bolsa de vinculación, de acordo coas seguintes anualidades:

Ano 2025: 21.916,67 euros.

Ano 2026: 8.083,33 euros

Segundo.- Dar conta do presente acordo á adxudicataria, Intervención Xeral Municipal, área de Recursos Humanos e Formación, así como ao Comité de Persoal ós efectos oportunos".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(158).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU, PARA O



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA QUE DINAMICEN O TURISMO DE VIGO DURANTE O ANO 2025. EXPTE. 8805/104.

Visto o informe xurídico do 11/02/2025 e o informe de fiscalización do 26/02/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 07/02/2025, asinado pola técnica do servizo de Turismo, e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En data do Rexistro Xeral 10 de xaneiro de 2025, a Fundación Vigo Convention Bureau (en adiante, FVCB) presenta escrito de solicitude e adxunta documentación co fin de levar a cabo o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau co fin de desenvolver accións de promoción turística para a dinamización do Turismo de Vigo durante o ano 2025. (Nº. Doc.20250006662), por importe total de 275.000,00€, con cargo á aplicación presupostaria 4320.4800000 “Actividades de promoción coa FVCB” do programa orzamentario do servizo de Turismo para o vixente exercicio económico.

ANTECEDENTES

A Fundación Vigo Convention Bureau, en adiante FVCB, é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego. A FVCB non dispón de recursos propios para o desenvolvemento das accións a que se refire este convenio, na condición de patrón, o Concello de Vigo é o único promotor das actividades previstas. Así mesmo o carácter público da fundación fai que non sexa necesario o establecemento de garantía.

A FVCB ten como fin o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunión, captación de congresos, convencións e viaxes de incentivo para a cidade de Vigo.

Tal e como se recolle no artigo 30 dos seus estatutos, os recursos económicos da FVCB se compoñen dos seguintes elementos :

- Dotación inicial.
- As achegas económicas dos patróns fundadores, das entidades colaboradoras e ingresos doutra índole. A contía anual das achegas decidírase por parte do Padroado.
- Os ingresos procedentes da facturación dos seus servizos e actividades, sempre e cando se obteña, se fose precisa, a preceptiva autorización do Protectorado e concorran as demais condicións previstas na Lei 12/2006, de Fundacións de interese galego e disposicións regulamentarias.
- Os derivados de contratos, concertos e convenios con persoas físicas ou xurídicas ou entidades públicas ou privadas de calquera tipo.
- Os rendementos do seu patrimonio.
- Subvencións, axudas, bens ou legados, así como os derivados de patrocinios.
- Os créditos e prestamos que lle sexan concedidos.

A FVCB ten entre as súas actividades, segundo dispón o artigo 5 dos seus estatutos, as seguintes:

- Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexos con esta actividade.
- Coordinar con autoridades, organización e entidades de fomento e promoción do turismo as accións de promoción necesarias.

A FVCB, consonte co previsto no artigo 15, aprobou na reunión do padroado de data 8 de xaneiro de 2025, certifica a aprobación da memoria de accións a desenvolver na promoción turística de Vigo que figura como Anexo I do “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación VCB para o desenvolvemento das accións de promoción turística conducentes á dinamización do Turismo de Vigo 2025”

Concello de Vigo e a FVCB veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidade dende o ano 2010. A FVCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no marco das súas competencias de creación, promoción e mellora dos bens turísticos de Vigo, en definitiva a captación de novos mercados e a consolidación de mercados existentes na cidade, como o turismo de congresos, o turismo estival o Vigo Nadal co obxectivo final de conseguir a desestacionalización do turismo ao longo do ano e a fidelización dos turistas.

A **FVCB** no marco das súas funcións de promoción, en colaboración co Concello de Vigo, está interesada na realización do presente convenio de colaboración en relación ao obxecto de que a FVCB desenvolva as accións que ten entre as súas competencias, co fin de levar a cabo as accións de promoción turística conducentes á dinamización do Turismo de Vigo 2025.

Esta actuación non pode resolverse cos medios humanos e materiais cos que conta o Concello de Vigo e non parece oportuno incrementalos para unha actuación puntual. Doutra banda o carácter unitario e participativo da FVCB aconsella que colabore no desenvolvemento das accións de promoción a través de este ente no que participa o Concello de Vigo.

O desenvolvemento de accións de promoción que completen a oferta turística e que capten novos mercados e cheguen a distintos tipos de turismo é esencial para alcanzar a desestacionalización turística e conseguir un turismo estable ao longo do ano.

DOCUMENTACIÓN

A FVCB presenta a documentación relativa ao expediente de transferencia, que está integrada pola seguinte documentación:

- Anexo I. Memoria e orzamento das accións a desenvolver na promoción turística de Vigo que figura como Anexo I do “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación VCB para o desenvolvemento das accións de promoción turística conducentes á dinamización do Turismo de Vigo 2025”



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

- Certificado de aprobación do Anexo I do “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación VCB para o desenvolvemento das accións de promoción turística conducentes á dinamización do Turismo de Vigo 2025”
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria.
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao corrente de pagos con Facenda.
- Certificación da conta bancaria.

O certificado de estar ao corrente co Concello de Vigo, aportarase polo Concello de Vigo.

Revisada a memoria que contén as actuacións que desenvolveranse no ano 2025, no marco das actividades fundacionais recollidas no artigo 5 dos Estatutos da FVCB e que cumpren cos fins fundacionais dispostos no artigo 4 dos mesmos estatutos.

XESTIÓN DA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FVCB E LEXISLACIÓN APLICABLE

O Concello de Vigo de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

Mediante Resolución da Alcaldía de data 20.06.2023 e posterior de datas 28.06.24 e 01.07.24 estableceuse o número, denominación e competencias das áreas de goberno e concellería delegadas nas que se estrutura a administración municipal, que atribúe na Concelleira Delegada da Área de Política Social e Turismo entre outras, a seguinte facultades: Formalización, xestión, tramitación e impulso de convenios de colaboración interinstitucional con Administracións Públicas e institucións, así como a dirección, impulso, coordinación e supervisión das liñas estratéxicas de actuación en materia de promoción Turística e posicionamento da cidade como destino turístico.

De acordo co disposto no artigo 2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, as fundacións públicas están suxeitas á Lei de Contratos do Sector Público na forma e termos previstos na mesma.

A Lei xeral de subvencións establece no artigo 2.2 “ No están comprendidas no ámbito de aplicación de esta lei, as achegas dinerarias entre diferentes administracións públicas, para

financiar globalmente a actividade da Administración á que vaian destinadas e as que se realicen entre os distintos axentes dunha administración cuxos presupostos se integren nos Presupostos Xerais da Administración á que pertencen, tanto si se destinan a financiar globalmente a súa actividade como a realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teñan atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública”.

Á vista do informe do servizo de Intervención de data de 9 de febreiro de 2018 (expte.6936-104) de transferencia de financiamento do Concello de Vigo á FVCB para o seu funcionamento durante o exercicio 2018, no que alude ao Convenio Cíes 2018 como: “A estimación dos ingresos que presenta a FVCB inclúe o concepto Convenio 250.000,00€, o servizo xestor na súa execución debe considerar o disposto no artigo 2.2 da Lei Xeral de Subvencións.”

Polo exposto, a fórmula de subvención nominativa substitúese pola de transferencia de financiamento non suxeita a Lei xeral de subvencións, sobre a que se debe concretar a periodicidade dos pagamentos e as obrigas das partes que establecerase a través dun convenio de colaboración, que recolle os contidos mínimos esixidos para a concesión desta transferencia do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público. A comprobación, xustificación, fiscalización e control financeiro da achega municipal, así como a actividade de FVCB, excluída totalmente do réxime subvencional, debe realizarse pola Intervención Xeral.

A maiores e toda vez que entre en vigor o RD 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas Entidades Locais, a auditoría das contas anuais das Fundacións locais formarán parte do Plan Anual de Control Financeiro a elaborar polo órgano interventor, segundo informe do Servizo de Intervención de data 9 de febreiro de 2018 (Expte 6936-104).

De conformidade con artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio, así mesmo, queda facultada a Concelleira da área de Política social, Turismo e Xuventude para asinar o citado convenio.

PROPONSE.-

1º.- Que se aprobe o texto do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FVCB PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA CONDUCENTES Á DINAMIZACIÓN DO TURISMO DE VIGO 2025”

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 275.000,00€ (dous centos setenta e cinco mil euros), en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Fundación Vigo Convention Bureau, CIF G-27722883, con cargo á aplicación presupostaria 4320.4800000 (Actividades de promoción coa FVCB) do programa orzamentario do servizo de Turismo para o vixente exercicio económico.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS DE



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

PROMOCIÓN TURÍSTICA CONDUCENTES Á DINAMIZACIÓN DO TURISMO DE VIGO 2025

REÚNENSE

A Concellería de Turismo (en adiante CONCELLERÍA) no seu nome e representación D^a Yolanda Aguiar Castro, na súa calidade de Concelleira Delegada da Área de Política Social, Turismo e Xuventude, Mediante Resolución da Alcaldía de data 20.06.2023 e posterior de datas 28.06.24 e 01.07.24 estableceuse o número , denominación e competencias das áreas de goberno e concellería delegadas nas que se estrutura a administración municipal, que atribúe na Concelleira Delegada da Área de Política Social e Turismo entre outras, a seguinte facultades: Formalización, xestión, tramitación e impulso de convenios de colaboración interinstitucional con Administracións Públicas e institucións, así como a dirección, impulso, coordinación e supervisión das liñas estratéxicas de actuación en materia de promoción Turística e posicionamento da cidade como destino turístico.

Doutra parte, D^a M^a Carmen Lago Barreiro, na condición de Vicepresidenta da Fundación Vigo Convention Bureau, en virtude do Decreto do Alcalde de delegación de competencias específicas do alcalde Área de Goberno de Política Social e Turismo de data 28/06/2024.

D^a Pilar Saborido , Secretaria de Administración Municipal, da fe do acto

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que a **Fundación Vigo Convention Bureau**, en adiante FVCB, é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego.

A FVCB consta no Inventario de entidades da Secretaría General de Financiación Autonómica y Local do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas como Fundación da Administración Pública a Fundación Convention Bureau (A A PP - 0 1 / 1 2 / 2 0 1 8). Asemade conforme o acordo co disposto no artigo 2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, as fundacións públicas están suxeitas á Lei de Contratos do Sector Público na forma e termos previstos na mesma e conforme o RD 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas Entidades Locais, a auditoría

das contas anuais das Fundacións locais formarán parte do Plan Anual de Control Financeiro a elaborar polo órgano interventor.

O fin da FVCB é o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación e desenvolvemento das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunións e a captación de congresos, convencións e viaxes para a cidade de Vigo.

A FVCB ten entre as súas actividades, segundo dispón o artigo 5 dos seus estatutos, as seguintes:

- Coordinar con autoridades, organización e entidades de fomento e promoción do turismo as accións de promoción necesarias.

- Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexos coas actividades turísticas.

- Crear e consolidar unha conciencia pública en relación coa transcendencia económica do turismo e especialmente co turismo de congresos e reunións.

- Realizar e xestionar o rexistro de empresas organizadoras e proveedoras de bens e servizos relacionados coa actitude de turismo de reunións.

- Producir e distribuir a guía profesional de congresos, que aglutine toda a información cun inventario de recursos turísticos e infraestruturas para a celebración de eventos.

- Coordinar coas áreas municipais correspondentes a correcta utilización dos servizos municipais.

- Proporcionar información turística en distintos soportes e publicación de interese para os delegados.

- Realizar as explotacións económicas de elaboración, edición, publicación e venda de libros, revistas, folletos, merchandising, material audiovisual e material multimedia sobre a cidade de Vigo.

A FVCB, consonte co previsto no artigo 15 dos Estatutos de Fundación, aprobou na reunión do padroado de data 8 de xaneiro de 2025 certifica a aprobación do Anexo I do “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a FVCB para o desenvolvemento das accións de promoción turística conducentes á dinamización do Turismo de Vigo 2025”.

II.- Que o Concello de Vigo de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

III.- Que o **Concello de Vigo e a FVCB** veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidades dende o ano 2010. A FVCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no marco das súas competencias de creación, promoción e mellora dos bens turísticos de Vigo, en definitiva a captación de novos mercados e a consolidación de mercados existentes na cidade, como o turismo de congresos, o turismo estival o Vigo Nadal co obxectivo final de conseguir a desestacionalización do turismo ao longo do ano e a fidelización dos turistas.

IV.- Que o **Concello de Vigo** está interesado en desenvolver accións de promoción turística conducentes á dinamización do Turismo da cidade.

O Concello de Vigo está a posicionarse como destino turístico, non so a nivel nacional senón tamén no ámbito internacional.

Produtos turísticos coma o Vigo Nadal e a atracción xerada polas Illas Cíes deben complementarse con outras accións de promoción turística para completar a oferta turística, así mesmo compre necesario chegar a diferentes tipos de turismo, co fin de conseguir un turismo estable ao longo do ano.

V.- Que a **FVCB** no marco das súas funcións de promoción, en colaboración co Concello de Vigo, está interesada na realización do presente convenio de colaboración en relación ao obxecto de que a FVCB desenvolva as accións que ten entre as súas competencias, co fin de levar a cabo as accións de promoción turística conducentes á dinamización do Turismo de Vigo 2025.

VI.- Que o **Concello de Vigo** no seu vixente orzamento, na aplicación presupostaria 4320.4800000 “Actividades de promoción coa FVCB”, prevé unha transferencia polo importe de 275.000,00€ (dous centos setenta e cinco mil euros).

A figura do Convenio enmárcase dentro dos instrumentos axeitados de colaboración entre Administracións Públicas para o desenvolvemento de obxectivos de interese común, de conformidade co previsto no Capítulo VI (arts. 47 a 53) da Lei 40/2015, de réxime xurídico do Sector Público. Concretamente o convenio proposto serve como medio de instrumentación dunha transferencia de financiamento prevista no orzamento municipal. Conforme o disposto no artigo 2.2 da Lei xeral de subvencións está excluída do ámbito de aplicación da lei as achegas dinerarias entre diferentes administracións públicas, para financiar globalmente a actividade da Administración á que vaian destinadas e as que se realicen entre os distintos axentes dunha administración cuxos presupostos se integren nos Presupostos Xerais da Administración á que pertencen, tanto si se destinan a financiar globalmente a súa actividade como a realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teñan atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública”.

VII.- Que o **Concello de Vigo** desenvolveu nos últimos anos, o Plan de Competitividade de produto Turístico “Turismo Urbano e de Ría” (PCPT Vigo) e na actualidade está a desenvolver dous Plans de sostenibilidade Turística, correspondentes aos anos 2022 e 2023 co obxecto, entre outros, de aumentar a demanda de visitantes, promover a internacionalización do turismo, aumentar os ingresos e rendabilidade da actividade turística local e a desestacionalización do turismo.

Mediante Resolución da Alcaldía de data 20.06.2023 e posterior de datas 28.06.24 e 01.07.24 estableceuse o número , denominación e competencias das áreas de goberno e concellería delegadas nas que se estrutura a administración municipal, que atribúe na Concelleira Delegada da Área de Política Social e Turismo entre outras, a seguinte facultades: Formalización, xestión, tramitación e impulso de convenios de colaboración interinstitucional con Administracións Públicas e institucións, así como a dirección, impulso, coordinación e supervisión das liñas estratéxicas de actuación en materia de promoción Turística e posicionamento da cidade como destino turístico.

En base ás precedentes consideracións e ao interese turístico da cidade, o Concello de Vigo e a FVCB conveñen formalizar o presente convenio de colaboración durante o ano 2025.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a instrumentalización dunha transferencia de financiamento para a execución do proxecto para o desenvolvemento das accións de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

promoción turística conducentes á dinamización do turismo de Vigo 2025 (Anexo I) en reunión do padroado de data 8 de xaneiro de 2025, que certifica a aprobación a aprobación do Anexo I do “convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a FVCB para o desenvolvemento das accións de promoción turística conducentes á dinamización do Turismo de Vigo 2025”

SEGUNDA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU.

A FVCB, comprométese a colaborar coa CONCELLERÍA, para o desenvolvemento das accións de promoción turística conducentes á dinamización do turismo de Vigo, no ano 2025, conforme co programa recollido no Anexo I, traballarase nas seguintes liñas de promoción do turismo e a promoción de Vigo como plató de rodaxes e turismo cinematográfico:

A.-PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO.

En canto a liña de promoción do turismo da cidade se traballará nas seguintes liñas de actuación:

Eventos e Actividades: Fomentar-patrocinar eventos culturais, deportivos, gastronómicos ou outros tipos de actividades que atraian a visitantes locais e foráneos. Estes eventos poden incluír festivais, concertos, feiras temáticas, entre outros, que destaquen a identidade e o atractivo da cidade.

Redes co Sector: Establecer alianzas con empresas locais, axencias de viaxes, operadores turísticos e outros actores do sector privado para promover paquetes turísticos, ofertas especiais e promocións que incentiven a visita á cidade e fomenten a colaboración público-privada en beneficio do turismo local.

Marketing e Publicidade: Desenvolver estratexias de márketing efectivas que resalten os atractivos turísticos da cidade a través de campañas publicitarias en medios dixitais, impresos e redes sociais. Isto pode incluír a creación de contido visual atractivo, como vídeos promocionais e fotografías de alta calidade.

Desenvolvemento de Experiencias Turísticas Únicas: Fomentar o desenvolvemento de experiencias turísticas auténticas e diferenciadas que permitan aos visitantes explorar a cultura, historia, gastronomía e natureza da cidade dunha maneira única. Isto pode incluír roteiros turísticos temáticas, visitas guiadas, etc.

Sustentabilidade e Ecoturismo: Promover prácticas turísticas sostíbeis que minimicen o impacto ambiental e contribúan á conservación dos recursos naturais e culturais da cidade. Isto pode incluír a implementación de programas de reciclaxe, o fomento do transporte público e o

desenvolvemento de actividades de ecoturismo que permitan aos visitantes gozar da natureza de forma responsable.

A continuación se enumeran as accións propostas enmarcadas nas liñas de actuación:

- INCENTIVOS PARA EVENTOS EN VIGO

Consiste na identificación da celebración dunha serie de actuacións que complementan os eventos, supoñen un valor engadido ao programa e permitindo a posta en valor dos elementos máis senlleiros do destino Vigo co obxecto último de ofrecer unha experiencia positiva ao visitante e crear un potencial retorno á cidade.

Neste senso desenvolveranse, entre outras, accións tales como:

- Organización de visitas e rutas guiadas (rutas pola ría de Vigo e Illas Cíes; visitas pola cidade de Vigo, arquitectura histórica e os edificios emblemáticos; visitas polo ensanche; visitas murais; visitas temáticas; visitas científico-divulgativas; visitas caracterizadas baseadas en personaxes históricos, en feitos históricos, Julio Verne, etc.; visitas temáticas ou caracterizadas con contido cultural etc.)
- Degustación de produtos gastronómicos locais.
- Actos de recepción aos visitantes.
- Elaboración de paquetes e programas.
- Cobertura aos programas de Turismo.
- Traslado dos congresistas adaptado ás necesidades do programa que presentan.
- Material gráfico e informativo.
- Vídeos.
- Creación dun arquivo fotográfico actualizado da cidade.
- Mellora e actualización dos medios dixitais.
- Patrocinio de eventos, congresos, ferías con relevancia turística a fin de crear novos produtos desestacionalizadores do turismo e que xeren para a cidade un retorno económico e publicitario da marca Vigo.

-ACCÍONS DE PROMOCION, CAPTACIÓN E DIFUSIÓN.

Este apartado recolle principalmente o desenvolvemento de accións presenciais con profesionais e prescriptores do sector co obxecto de captar eventos para a cidade de Vigo:

- Participación en xornadas, congresos, eventos e feiras relacionadas co sector.
- Desenvolvemento de visitas profesionais a prescriptores e potenciais organizadores de eventos.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

-DESEÑO, ELABORACIÓN E EDICIÓN DE MATERIAIS PROMOCIONAIS

Elaboración de materiais ligados á imaxe e valores da cidade que permitan tanto o apoio á potencial captación e celebración de eventos, como a atención aos congresistas:

- Deseño e elaboración de merchandising.
- Edición de materiais promocionais físicos e multimedia.
- Deseño, creatividade e impresión de materiais de información ao visitante (material informativo, cartelería, mapas, folletos, tipografías, etc.).
- Deseño, edición e impresión de artigos en revistas, libros ou documentos dixitais relevantes de índole local, nacional e internacional.
- Creación de materiais audiovisuais de apoio ás candidaturas, eventos, congresos, ferías, etc.

-CAMPAÑAS E ACCIÓNS DE PROMOCIÓN EN MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Desenvolvemento de accións dirixidas a públicos obxectivos amplos mediante medios de comunicación de masas como a “targets” específicos e profesionais do sector de eventos.

- Accións e campañas de comunicación en diferentes medios offline e online.
- Desenvolvemento de contidos e actualizacións para as webs e apps relacionados co sector.
- Colaboración con editoriais e prensa especializada.

-ESTUDOS E INFORMES RELACIONADOS CO TURISMO

Elaboración e coordinación de estudos e informes que permitan seguir de xeito regular e numérico as tendencias e evolucións do sector, permitindo axustar as accións para mellorar e desestacionalizar:

- Análise de datos, supervisión, e creación de informes.
- Desenvolvemento de BBDD.
- Estudos de afluencia e mobilidade da cidade de Vigo.

-SERVIZOS NA ORGANIZACIÓN DE EVENTOS ASESORAMENTO E ASISTENCIA TÉCNICA

Contratación de servizos de consultaría e asistencia técnica para a redacción de proxectos, textos especializados, propostas de planificación e asesoría xurídica.

Ofrecer ás persoas e empresas que desexan organizar un congreso, convención, reunións e actividades análogas unha serie de servizos gratuítos, tales como:

- Apoio técnico na presentación de candidaturas de congresos.
- Axuda na organización e a loxística.
- Xestión de espazos.
- Asesoramento sobre Palacios de Congresos, hoteis e servizos anexos (transporte, azafatas, tradución simultánea, material audiovisual, guías turísticos, caterings, restaurantes, etc.)
- Asesoría de planificación e organización de reunións.
- Asesoramento a profesionais interesados en organizar a súa reunión en Vigo.
- Asesoramento na elección do marco máis adecuado para calquera acontecemento, e información sobre as infraestruturas da cidade.
- Facilitar material promocional de Vigo e información xeral sobre a cidade.
- Colaboración na obtención de accesos a museos e acontecementos culturais e na utilización de edificios históricos singulares.
- Actividades de promoción destinadas a fomentar a organización de reunións no destino Vigo.

B.- PROMOCIÓN DE VIGO COMO PLATÓ DE RODAXES E TURISMO CINEMATOGRAFICO

Vigo posúe un rico patrimonio histórico, cultural e, por suposto, natural, un territorio urbano e paisaxístico ideal para a rodaxe de calquera tipo de produción audiovisual. A cidade ofrece múltiples e versátiles localizacións que, en moitos casos, están por descubrir.

Nos últimos tempos, Vigo converteuse nunha das cidades de Galicia que maior interese esperata nas produtoras. A actividade de Vigo como estudio cinematográfico xera un importante impacto económico e achega enormes beneficios ao valioso tecido audiovisual local e os negocios de que deles derívanse.

Vigo Film Office (en diante VFO) é o servizo que desde hai dez anos o Concello de Vigo -a través da Fundación Vigo Convention Bureau- pon ao dispor do sector audiovisual para axudarlle a rodar na nosa cidade todo tipo de producións, desde longametraxes e curtos a series, documentais, anuncios e videoclips. Trátase dunha entidade sen ánimo de lucro que ofrece asesoramento ás producións e actúa de intermediaria entre estas e o Concello de Vigo para tramitar os permisos de rodaxe e outros servizos que precisen.

A continuación enuméranse as accións enmarcadas dentro desta área.

-PARTICIPACIÓN EN FITUR SCREEN

A Spain Film Commission co-organiza xunto a Ifema- Feira de Madrid, Fitur Screen, un espazo destinado ao turismo cinematográfico dentro da Feira Internacional de Turismo (FITUR). A idea é acudir e presentar Vigo como plató de cine dentro desta quinta edición de Fitur Screen



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

cuxo obxectivo este ano centrarse en promover o vínculo cada día máis estreito entre o audiovisual e o turismo e poñer en valor as novas propostas de lecer xurdidas ao redor das rodaxes en España.

-PROGRAMA RUEDA

En abril a celebración do evento “PROGRAMA RUEDA”, que organizamos xunto á Academia de Cine, o que suporá a primeira colaboración da cidade con esta prestixiosa entidade.

Vigo será unha das tres sedes que acollan este ano aos participantes dos programas formativos da Academia: “Residencias e Rueda”.

-CELEBRACIÓN DE FAM TRIPS

Despois do bo resultado do primeiro viaxe de familiarización de localizadores internacionais celebrado o ano pasado propónse a celebración de novos fam trips que permitan seguir coa promoción de Vigo como espazo de rodaxe.

-CONCURSO DE MICROCURTAMETRAXES

Celebración dun novo concurso de curtametraxes baixo a marca de “Vigo en 90 segundos”.

Esta acción terá un dobre obxectivo: por unha banda, incentivar a produción audiovisual na cidade e, por outra, promover o turismo.

-ACCIONS DE PROMOCIÓN, APOIO E PRESENTACIÓN

No marco da promoción da cidade de Vigo e a presentación da Vigo Film Office promoverase a participación en distintos festivais, eventos, asembleas e actividades formativas realizadas no territorio nacional e internacional, unha mostra das posibles participacións e colaboracións previstas son:

- Plataforma de formación e coproducción Ventura.
- Laboratorio para creadores audiovisuais Conecta Lab.
- Festivais de cinema como o de Málaga, San Sebastián ou Cannes...
- Asembleas da Spain Film Commission.
- Feira Shooting Locations Marketplace de Valladolid.
- Apoio a estreas de películas rodadas na cidade e á súa promoción.
- Apoio a eventos cinematográficos na cidade.
- Apoio loxístico - posibilidade de axuda nos aloxamentos, cesión de espazos, etc.- á rodaxe de películas, curtos, documentais e festivais que consideremos de especial relevancia para a cidade.

O longo do ano participarase nos principais eventos do sector local, rexional, nacional e internacional.

-EDICIÓN DE MATERIAIS E MERCHANDISING

Neste apartado incluímos posibles edicións de materiais de promoción de Vigo como estudio de cinema, como pode ser entre outros:

- Folletos promocionais de Vigo como plató de cinema.
- Planos de rutas.
- Adquisición de fotografías profesionais.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA

A CONCELLERÍA comprométese a xestionar o pagamento á FVCB, para o desenvolvemento das accións de promoción turística conducentes á dinamización do turismo de Vigo durante o ano 2025, polo importe de 275.000,00€ (douscentos setenta e cinco mil euros).

CUARTA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS ACHEGAS.

Esta transferencia de financiamento será compatible con calquera outra axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais ou outros ingresos conforme o artigo 30 dos Estatutos. No caso de que o custo total da actividade resultase ser menor que o previsto para a execución do proxecto contemplado para a concesión da actividade ou se reducisen na execución da actividade as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma ou se obtiveran outros ingresos, procederá á redución da transferencia na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

QUINTA.- PAGAMENTO DA TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO

O pagamento da cantidade recollida neste convenio, efectuarase nun so pago, que farase efectivo á sinatura do convenio.

Antes de conceder o pago a FVCB deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social.

O pagamento realizarase por medio de transferencia bancaria na conta con número de IBAN ES8720805000683040324245 da Entidade Bancaria ABANCA, con cargo a aplicación presupostaria 4320.4800000 “Actividades de promoción coa FVCB” por importe de 275.000,00€ (dous centos setenta e cinco mil euros).

SÉXTA.- PUBLICIDADE.

A FVCB debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

A información sobre as actividades que se edite en idioma galego terá que ser revisada polo Servizo de Normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurará o logotipo do Concello de Vigo e da FVCB, nas mesmas condicións e tamaños. Todo material editado deberá contar coa conformidade previa da CONCELLERÍA.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN.

1.-A FVCB deberá xustificar o cumprimento da finalidade obxecto para o que se concedeu a transferencia de financiamento. A tal efecto deberá presentar:

a) *Memoria de actuación*, xustificativa do cumprimento das condicións previstas na presente transferencia, con indicación das actividades desenvolvidas durante o ano 2025 dentro do programa

deberá presentarse con anterioridade ao 22 de decembro de 2025.

b) *Memoria económica*, xustificativa do custo final das actividades realizadas no ano 2025 deberá presentarse con anterioridade ao 22 de decembro de 2025.

A memoria económica deberá conter un balance económico de gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial, con expresión de acredores, conceptos, importes e datas de emisión, e copias compulsadas das facturas.

A FVCB deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería de Turismo, pola Intervención do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas e remisión da información e cumprimentación nas plataformas do Ministerio de Facenda por formar parte das Fundacións do grupo Concello de Vigo incluídas no perímetro de consolidación.

2.- A FVCB deberá achegar electrónicamente conforme o artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, as xustificacións, **a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica.

OITAVA.- CUMPRIMENTO DA FINALIDADE

O cumprimento da finalidade que determinou a concesión da transferencia deberá ser a axeitada á xustificación da mesma, que será comprobados pola CONCELLERÍA, a tal fin o persoal técnico do mesmo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade.

A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público aínda que o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar de acordo cos requisitos sanitarios no momento da celebración da actividade.

NOVENA.- VIXENCIA.

O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2025 e non será prorrogábel.

DÉCIMA.- CONTROVERSIAS.

A concelleira-delegada da área de Turismo queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento, así como para propoñer ou autorizar modificacións tanto no programa de actividades que conforman o Anexo I, sempre e cando ditas modificación non supoñan un incremento sobre o importe da transferencia prevista neste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN

O Convenio poderá resolverse en virtude das seguintes causas:

1. Pola finalización do período estipulado para a súa vixencia.
2. Por mutuo acordo das partes.
3. Polo incumprimento por algunha das partes de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.

No suposto de extinción do Convenio, as accións específicas concertadas ao abeiro da mesma seguiranse desenvolvendo na forma, condicións e prazos previstos ata o seu total cumprimento.

DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS.-

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Turismo. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Turismo do Concello de Vigo.

DÉCIMO TERCEIRO. - XURISDICIÓN COMPETENTE



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

O presente convenio ten natureza administrativa. Será competencia exclusiva dos órganos do orde xurisdiccional contencioso-administrativo a resolución das controversias e litixios a que dera lugar o cumprimento do presente convenio.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar no lugar e data indicados.

12(159).- SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZO DE XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES VIGOSÓNICO. EXPTE. 9624/336.

Visto o informe xurídico do 25/02/2025 e o informe de fiscalización do 26/02/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/01/2025, asinado pola técnica do servizo de Xuventude, e conformado pola concelleira-delegada e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (LRFL)

1. ANTECEDENTES.-

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en **sesión de 2 de febreiro de 2023**, aprobou o expediente para a contratación da prestación do servizo de xestión do centro de usos múltiples VIGOSÓNICO (expte 9624-336) e o desenvolvemento das accións relacionadas coa actividade musical, outras disciplinas artísticas e actividades de dinamización xuvenil.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local, en **sesión ordinaria do 16 de febreiro de 2023**, acordou rectificar os apartados 3.A, 3.B, 3.C, 3.E, 3.G e 11 do Anexo I -FEC- do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do servizo para a xestión do centro de usos múltiples de Vigosónico e que afectan ao réxime de económico e de pagamento. (Ver anexo I do PCAP, expte 9624-336).

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de **11 de abril de 2023**, acordou adxudicar a **JUAN PABLO RIVAS PIRES (**.31.18*)** o procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión do centro de usos múltiples de Vigosónico (9624-336)

Cuarto.- Con data 5 de maio de 2023 foi asinado o contrato. No apartado 4C das FEC, establécese que “O prazo do contrato é dun (1) ano. Contemplase dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha. A data de inicio do contrato é o 9 de maio de 2023”.

Quinto.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 23 de febreiro de 2024, adoptou “Aprobar por un ano a **primeira prórroga da CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DO SERVIZO PARA A XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES DE VIGOSÓNICO expte 9860-336**, dos cales 55.982,26€ corresponden ao período 09/05/2024 - dec 2024 (agosto non) e 36.304,70€ ao período 01/01/2025 - 08/05/2025 con cargo á partida orzamentaria 3370.2279901 e a súa bolsa de vinculación.

Sexto.- Por escrito de entrada na sede electrónica municipal nº W1231085-6860 de data 07/01/2025 D. JUAN PABLO RIVAS PIRES con DNI 36131187G, en nome e representación da mercantil *La Décima Planta*, presta a súa conformidade á segunda prórroga do CONTRATO DA XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES DE VIGOSÓNICO (EXPTE 10080-336) cunha duración de 1 ano dende o 9 de maio de 2025 e finalizará o 8 de maio de 2026.

Sétimo.- O importe do contrato para o período comprendido entre o 9 de maio de 2025 e finalizará o 8 de maio de 2026. ascende a 55.982,26 € .
O importe do contrato correspondente ao período dende xaneiro ao 8 de maio de 2025 ascende a 36.304,70€.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.-

Primeiro.- Consonte o artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP), o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de Contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza alomenos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

O artigo 29.4 establece que os contratos de subministro e de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas.

Segundo.- Segundo o **Prego de Cláusulas Administrativas**, na **cláusula 7, apdo 3**, “Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.”



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

No apartado 4C das FEC, establécese que “O prazo do contrato é dun (1) ano. Contemplase dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha. A data de inicio do contrato é o 9 de maio de 2023”.

Terceiro.- Ante a necesidade de prorrogar por segundo ano a CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DO SERVIZO PARA A XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES DE VIGOSÓNICO (expte 10080-336), polo período dun ano contado dende o 9 de maio de 2025 e ata o 8 de maio de 2026, toda vez que os traballos durante os primeiros anos desenvolvéronse satisfactoriamente pola adxudicataria realizando correctamente as obrigas encomendadas e sen ningún incumprimento pola súa parte.

Cuarto.- O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 9 de maio de 2025 e finalizará o 8 de maio de 2026. , sendo o prezo anual ascende a un total de 92.286,96 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.389,73 euros.

Quinto.- O importe da prórroga imputarase á aplicación orzamentaria partida orzamentaria 3370.2279901 GASTOS MANTEMENTO E XESTIÓN DE VIGOSÓNICO e a súa bolsa de vinculación., segundo a seguinte distribución anual: O importe do contrato para o período comprendido entre o 9 de maio de 2025 ata decembro 2025 ascende a 55.982,26 € .

O importe do contrato correspondente ao período dende xaneiro ao 8 de maio de 2026 ascende a 36.304,70€.

Sexto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2a apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Sétimo.- A técnica de Xuventude que subscribe o informe , en ausencia da conformidade da Xefatura de Servizo, declara non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación.

Oitavo.- A competencia para acordar esta contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2.ª LCSP); non entanto, por acordo da Xunta de Goberno Local de 22/06/2023 delegouse nos Concelleiros das Areas de Goberno.

Polo exposto formúlase a Concelleira de Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude do Concello de Vigo, (*Decreto de Alcaldía de data 28.06.2024, de corrección da estrutura da administración municipal (2023-2027) sobre a Resolución da Alcaldía de data 19 de xuño de 2023 referida a estrutura da administración do Concello de Vigo: Delegación de competencias (2023-2027)*, a seguinte

PROPOSTA.-

En base ao que antecede, **proponse á Xunta de Goberno local** como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, **a adopción do seguinte acordo:**

PRIMEIRO.- “Aprobar a segunda prórroga do contrato de servizos PARA A XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES DE VIGOSÓNICO (expte 10080-336), polo período dun ano que comprende as datas dende o 9 de maio de 2025 e ata o 8 de maio de 2026”

SEGUNDO.- Aprobar o gasto total de 92.286,96 € de noventa e dous mil douscentos oitenta e seis con noventa e seis euros, IVE incluído, e que correspondente a segunda **prórroga da CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO DO SERVIZO PARA A XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES DE VIGOSÓNICO expte 10080-336**, dos cales 55.982,26€ corresponden ao período 09/05/2025 - dec 2025 (agosto non) e 36.304,70€ ao período 01/01/2026 - 08/05/2026 con cargo á partida orzamentaria 3370.2279901 GASTOS MANTEMENTO E XESTIÓN DE VIGOSÓNICO e a súa bolsa de vinculación.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á empresa contratista nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)”

Os asinantes subscriben declaración de non estar incursos en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e do 03/03/2021 para os empregados públicos, en execución do 0.0.3 "Reforzar a Integridade nos procesos", Liña Estratéxica 3, "Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos", Obxectivo Estratéxico 3.4, "Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso", Acción 3.4.1.1, do Plan de Integridade na Contratación aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 12.12.2019.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(160).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN E CALEFACCIÓN NOS EQUIPAMENTOS ADSCRITOS AO SERVIZO DE XUVENTUDE. EXPTE. 10048/336.

Visto o informe xurídico do 25/02/2025 e o informe de fiscalización do 27/02/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 30/01/2025, asinado pola técnica do servizo de Xuventude, e conformado pola concelleira-delegada e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- RD 1098/2001 Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- RD Leg 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Leg 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

ANTECEDENTES

1.- Ante a necesidade de licitar o contrato anterior rematado no presente ano 2024 (**Expte 9194-336**) de CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN E CALEFACCIÓN NOS EQUIPAMENTOS ADSCRITOS AO SERVIZO DE XUVENTUDE, procedeuse no seu momento á contratación dunha asistencia técnica externa (**Expte 9369-336**) con obxecto de obter un asesoramento técnico especializado na determinación de prezos e achega de documentación para licitación de contratos de mantemento de instalacións de calefacción e alarmas das instalacións do Servizo de Xuventude. A empresa adxudicada foi SOLTEC INGENIEROS S.L (B36881415).

En consecuencia e ao amparo do informe de xustificación elaborado pola citada empresa adxudicataria, establecéronse os parámetros económicos do pasado contrato.

2.- Dado que considérase que ditos parámetros non teñen variado en absoluto en canto aos elementos a valorar e en canto as instalacións a manter que seguen sendo as mesmas coas mesmas características; para establecer as valoracións económicas neste novo expediente, téñense considerado estes coas actualizacións correspondentes:

a) En consecuencia temos considerados os custes salariais atendendo ao novo Convenio *CONVENIO COLECTIVO PARA O PERSOAL LABORAL DAS EMPRESAS DO SECTOR DE SIDEROMETALÚRXCAS (INDUSTRIAS DO METAL SEN CONVENIO PROPIO PARA OS ANOS 2023 A 2025* (Código de Convenio número 36001155011981) BOPPO do 6 de setembro de 2023.

b) E ademais aplícase o correspondente incremento do IPC atendendo aos datos proporcionados polo *INE (Instituto Nacional de Estadística)* e segundo a Variación do Índice General Nacional según el sistema IPC dende xaneiro de 2022 ata setembro de 2024 que é do **11,0%**.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.-

1/ Prezo e orzamento base de licitación.

- O orzamento máximo de licitación (2 anos de contrato) é de **22.084,20€** (ive engadido).
- Valor estimado é de **18.251,40€**
- Importe 21 % iva: **3.832,80€**

2/ Anualidades

A data de inicio estimada do contrato é a do 1 de marzo de 2025 e o prazo do contrato é de 2 anos con posibilidade de 1 prórroga, polo tanto e tendo en conta o orzamento base de licitación as anualidades resultantes son as seguintes:

	IMPORTE (CON IVE)
ANO 2025 (10 meses)	9.201,75 €
ANO 2026 (12 meses)	11.042,10 €
ANO 2027 (2 meses)	1.840,35 €
Subtotal Orz. Licitación	22.084,20 €

3/ Valor estimado do contrato

No cálculo do valor estimado do contrato, cun prazo de vixencia de 2 anos e 1 prórroga dun ano de duración, tivéronse en conta os custos derivados da aplicación dos conceptos relacionados nos artigos 100 e101 da LCSP de acordo co desglose do orzamento base de licitación, incorporando a totalidade dos gastos que ao adxudicatario lle poida producir a realización do presente contrato e descontando o IVE.

- Valor estimado do contrato ascende a 27.377,10 € (Importe total de 2 anos + 1 prórroga)

No antedito importe están incluídos as porcentaxes de beneficio industrial e os gastos xerais.

- O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do contrato e incluírá, como partida independente o iva.

- A oferta do licitador deberá ser, en todo caso, igual ou inferior ao orzamento base de licitación. En caso contrario, será excluída da licitación

4/ Condicións especiais de compatibilidade

Por canto participou, no seu momento, na elaboración da documentación técnica, a empresa SOLTEC INGENIEROS, S.L, non debería participar na licitación. Consta documento no expte 10048-336 conforme desiste da súa presentación de data 29 de xaneiro de 2025.

5/ O gasto derivado deste contrato e poderá aplicarse á aplicación orzamentaria 3370.227.99.02 “Mantemento de aparataxe” do ano 2025.

6/ O contrato abonarase con cargo á aplicación arriba indicada do presuposto municipal, nas que existe crédito suficiente. Para o resto dos exercicios, incluída a posible prórroga, quedará condicionado á existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente en cada exercicio orzamentario.

- O contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

7/ Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2a apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

8/ A técnica de Xuventude que subscribe o informe , en ausencia da conformidade da Xefatura de Servizo , declara non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación.

PROPOSTA.-

En base ao que antecede, **proponse á Xunta de Goberno local** como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, **a adopción do seguinte acordo:**

PRIMEIRO.- “Autorizar a tramitación do expediente de “CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN E CALEFACCIÓN NOS EQUIPAMENTOS ADSCRITOS AO SERVIZO DE XUVENTUDE. Expte 10048-336”

SEGUNDO.- Aprobado o gasto total de **22.084,20 €** (Vinte dous mil oitenta e catro con vinte euros) euros, IVE incluído, sendo o importe correspondente ao 21% de IVE **3.832,80 €** (Tres mil oitocentos trinta e dous con oitenta) e , distribuídos nas seguintes anualidades con IVE incluído: Ano 2025: 9.201,75 euros, 2026: 11.042,10 euros, 2027: 1.840,35 euros e, con cargo á partida orzamentaria 3370.227.99.02 “Mantemento de aparataxe”

TERCEIRO.- Aprobado o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares asinado en data 29 de xaneiro de 2025 para a CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN E CALEFACCIÓN NOS EQUIPAMENTOS ADSCRITOS AO SERVIZO DE XUVENTUDE. Expte 10048-336” , así como o prego de prescricións técnicas para a prestación do servizo de data 27 de xaneiro de 2025.

CUARTO.- Acordar a apertura do procedemento de licitación para a selección de contratista/s na forma prevista na lexislación vixente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- Proposta de aprobación do informe ao recurso especial presentado ao expediente de contratación do subministro de dúas autobombas nodriza, dous vehículos 4x4, un vehículo 4x4 todo terreo e un furgón para o servizo de Extinción de Incendios. Expte. 7209/213.

.- Adxudicación dunha autorización administrativa para o aproveitamento privativo do inmovible denominado “hotel” e aparcamento anexo, no complexo Auditorio Mar de Vigo. expte. 21998/240.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

14(161).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO INFORME AO RECURSO ESPECIAL PRESENTADO NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE DÚAS AUTOBOMBAS NODRIZA, DOUS VEHÍCULOS 4X4, UN VEHÍCULO 4X4 TODO TERREO E UN FURGÓN PARA O SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 7209/213.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 06/03/2025, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do subministro de dúas autobombas nodriza, dous vehículos 4x4, un vehículo 4x4 todo terreo e un furgón para o servizo de Bombeiros (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto do subministro de dúas autobombas nodriza, dous vehículos 4x4, un vehículo 4x4 todo terreo e un furgón para o servizo de Bombeiros (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 7 de febreiro de 2025, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto do subministro de dúas autobombas nodriza, dous vehículos 4x4, un vehículo 4x4 todo terreo e un furgón para o servizo de Bombeiros, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 11 de febreiro de 2025 no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día e fixándose como data final o 12 de marzo as 23.59. Ata o momento non se presentou ningunha oferta.

Terceiro.- En data 13 de febreiro de 2025, D. Pascual Lloret Roqueta, en nome e representación Baysan Quality PRO S.L. (en adiante, Baysan ou o recorrente), interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando o Prego de cláusulas administrativas Particulares que rexe a presente licitación.

Cuarto.- En data 3 de marzo de 2025, o servizo xestor, emite informe sobre as alegacións formuladas polo recorrente no escrito de recurso.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación o Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do subministro de dúas autobombas nodriza, dous vehículos 4x4, un vehículo 4x4 todo terreo e un furgón para o servizo de Bombeiros.

-II-

Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comezo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente

recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, a impugnación dos pregos é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

proceso de execución do contrato o empresario incumpre as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais. Citaremos por todas a Resolución 212/2024 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, de 15 de febreiro de 2024:

“En aplicación del artículo 48 de la LCSP ha de analizarse si la entidad recurrente ostenta legitimación activa para la interposición del recurso. Establece dicho precepto que “podrá interponer el correspondiente recurso especial en materia de contratación toda persona física o jurídica cuyos derechos e intereses legítimos, individuales o colectivos, se hayan visto perjudicados o puedan resultar afectados, de manera directa o indirecta, por las decisiones objeto del recurso”

Reiterada jurisprudencia del Tribunal Supremo manifiesta que el interés legítimo abarca todo interés material o moral que pueda resultar beneficiado con la estimación de la pretensión ejercitada, siempre que no se reduzca a un simple interés por la pura legalidad, en cuanto presupone que la resolución a dictar puede repercutir, directa o indirectamente, de un modo efectivo y acreditado, no meramente hipotético, potencial y futuro, en la correspondiente esfera jurídica de quien recurre o litiga”

Interés lexitimo que se presupón nos licitadores, se ben se admite a lexitimación de quen no ten podido participar na licitación precisamente polo motivo no que fundamentan su recurso. Así, continúa dicindo a citada resolución do TACRC que:

“Traslado este criterio a las impugnaciones de pliegos resulta, con carácter general, que únicamente los licitadores pueden impugnar los pliegos. Afirmación que se matiza para permitir la impugnación de los pliegos a aquellas personas que no hayan podido tomar parte en la licitación precisamente por el motivo en que fundamentan su recurso.

En este sentido Resolución 967/2015, de 23 de octubre, reiterada en la 809/2019 de 11 de julio: “el recurso debe ser inadmitido también por falta de legitimación activa, pues la entidad ya no va a poder tomar parte en el procedimiento de contratación, no impidiéndole -como ya hemos visto anteriormente- el motivo de su impugnación de los pliegos licitar al procedimiento que ahora recurre”»

En este sentido, el Tribunal viene admitiendo excepcionalmente (por todas, Resolución 924/2015, de 9 de octubre) la legitimación del recurrente que no ha concurrido a la licitación cuando el motivo de impugnación de los pliegos le impide participar en el procedimiento en un plano de igualdad (Tribunal

Supremo, Sala Tercera, de lo Contencioso-administrativo, Sección 7a, Sentencia de 5 junio 2013).”

Neste caso, dado que non rematou o prazo para presentar oferta no procedemento de referencia polo que o licitador aínda poderá presentala, polo que en opinión da informante, procede propoñer ao tribunal o recoñecemento da súa lexitimación.

C) Como requisitos formais a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O escrito de interposición do recurso deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional décimo quinta, as comunicacións e notificacións.

O escrito de interposición do recurso deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberán comunicarse ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral deste Concello e remitido ao TACGAL.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- a) Cando se interpoña contra o anuncio de licitación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación no perfil de contratante.
- b) Cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o cómputo iniciárase a partir do día seguinte a aquel en que se publicou no perfil de contratante o anuncio de licitación, sempre que neste se indicase a forma en que os interesados poden acceder a eles. Cando non se fixese esta indicación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se lle entregaron ao interesado ou este puidese acceder ao seu contido a través do perfil de contratante.

O recurso foi interposto no Rexistro deste Concello en data 13 de febreiro de 2025. Dado que o anuncio publicouse no DOUE e no perfil de contratante o día 11 de febreiro de 2025, o recurso foi presentado no prazo conferido ao efecto.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

O escrito presentado por Baysan contén unha única alegación. Considera que *“el contrato agrupa bienes de naturaleza y características técnicas heterogéneas, como son autobombas nodriza, vehículos 4x4, un vehículo 4x4 todo terreno y un furgón. Esta agrupación en un único lote no solo dificulta la participación de empresas especializadas en cada tipo de vehículo, sino que también restringe injustificadamente la competencia, en contra de lo dispuesto en el artículo 116.4.g) de la LCSP, que exige justificar debidamente en el expediente la no división en lotes.*

(...)

De acuerdo con el artículo 99.3 de la LCSP, la no división en lotes solo está justificada cuando existan motivos válidos, que deben ser debidamente explicados en el expediente. En el presente caso, no se ha aportado ninguna justificación que demuestre que la agrupación de estos bienes en un único lote sea necesaria por razones técnicas, económicas o de coordinación.”.

Apoia a súa alegación cunha resolución do TACRC (nº 546/2024) e cunha sentenza do Tribunal Superior de Justicia de Catalunya (STSJ CAT 1852/2024), enumera os beneficios da división en lotes e remata solicitando “1. Que se deje sin efecto la actual licitación del Expediente No 7209-213. 2. Que se reformule el contrato dividiéndolo en lotes, de acuerdo con la naturaleza y características técnicas de los

bienes objeto del mismo. 3. Que se justifique debidamente en el expediente cualquier decisión que se adopte en relación con la división o no división en lotes”.

Efectivamente, o artigo 99.3 da LCSP determina que:

“ Siempre que la naturaleza o el objeto del contrato lo permitan, deberá preverse la realización independiente de cada una de sus partes mediante su división en lotes, pudiéndose reservar lotes de conformidad con lo dispuesto en la disposición adicional cuarta.

No obstante lo anterior, el órgano de contratación podrá no dividir en lotes el objeto del contrato cuando existan motivos válidos, que deberán justificarse debidamente en el expediente, salvo en los casos de contratos de concesión de obras.

En todo caso se considerarán motivos válidos, a efectos de justificar la no división en lotes del objeto del contrato, los siguientes:

a) El hecho de que la división en lotes del objeto del contrato conlleve el riesgo de restringir injustificadamente la competencia. A los efectos de aplicar este criterio, el órgano de contratación deberá solicitar informe previo a la autoridad de defensa de la competencia correspondiente para que se pronuncie sobre la apreciación de dicha circunstancia.

b) El hecho de que, la realización independiente de las diversas prestaciones comprendidas en el objeto del contrato dificultara la correcta ejecución del mismo desde el punto de vista técnico; o bien que el riesgo para la correcta ejecución del contrato proceda de la naturaleza del objeto del mismo, al implicar la necesidad de coordinar la ejecución de las diferentes prestaciones, cuestión que podría verse imposibilitada por su división en lotes y ejecución por una pluralidad de contratistas diferentes. Ambos extremos deberán ser, en su caso, justificados debidamente en el expediente.

A memoria xustificativa deste contrato, publicada no perfil do contratante xunto cos pregos, xustifica a división do contrato en lotes, tal e como esixe o artigo 99.3 da LCSP. Esta se apoia nos motivos recollidos no citado artigo relativos a que a realización independente do obxecto do contrato dificultará a súa correcta execución desde o punto de vista técnico, e ao risco para a correcta execución do contrato, máxime tendo en conta que se trata de vehículos destinados á prestación dun servizo esencial, o servizo de prevención e extinción de incendios, de prestación obrigatoria nun concello coa poboación de Vigo (artigos 25.2.f e artigo 26.c da LBRL e 80.2.c da LALGA).

Así, no “apartado 1 da citada memoria “Obxecto”, se xustifica a non división en lotes no feito de que os vehículos a subministrar son *“unhas unidades integrais, onde contempla a unificación do chasis cá súa cadea cinemática, autobastidor, superestrutura, toma de forza dende a cadea cinemática o grupo de bomba-impulsión, có obxectivo final de ter unha unidade operativa fronte as intervencións debendo engranar tódolos sistemas de transmisión cunha única finalidade. A separación de elementos constructivos para súa unificación terán que atoparse baixo un único proxecto que garante a funcionalidade da unidade. Terán ter*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

compatibilidade toda las unidades co sistema de comunicacións presente en todos os vehículos do Servizo, pontes encadeados, sirenas e demais elementos”.

En consecuencia, cúmprese coa previsión legal, e constan acreditados os motivos para a non división do contrato en lotes.

Á vista do contido do recurso, a área de Contratación solicitou informe ao servizo xestor do expediente, Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento, que informa o 3 de marzo de 2025. O informe considera que a decisión de non dividir en lotes o contrato se atopa plenamente xustificada en criterios técnicos, operativos e económicos, cumprindo cos principios da LCSP xa que:

- Asegura a homoxeneidade e compatibilidade da frota.
- Garante a interoperabilidade operativa e a seguridade en emerxencias.
- Optimiza os custos de mantemento, formación e xestión.

E desenvolve cada un destes apartados:

“(…)

2. Compatibilidade técnica e interoperabilidade da frota.

O SPEIS opera baixo estritos criterios de compatibilidade e estandarización para garantir a resposta rápida e coordinada fronte a emerxencias. A fragmentación do contrato mediante a adxudicación a distintos provedores pon en risco a homoxeneidade da frota e, en consecuencia, a seguridade das operacións de emerxencia.

Os vehículos obxecto do contrato deben estar plenamente integrados coa frota actual, o que esixe:

- Sistemas de comunicación compatibles e estandarizados cos vehículos xa existentes na frota do servizo.
- Sistema de luces de emerxencia e sinalización homoxénea, para asegurar a rápida identificación dos vehículos na vía pública e mellorar a seguridade en intervencións.
- Homoxeneidade en rotulado e equipamento, reducindo tempos de resposta en operativos.
- Uniformidade nos sistemas de xestión electrónica e diagnose, o que evita incompatibilidades nas plataformas de mantemento e xestión operativa.

A adquisición dos vehículos nun único lote garante esta compatibilidade técnica, evitando a fragmentación de especificacións que podería derivarse da adxudicación a distintos licitadores. A fragmentación do contrato podería derivar en dificultades de integración entre vehículos de distintos fabricantes, afectando á seguridade do persoal e a eficacia en emerxencias.

3. Coordinación operativa e eficiencia na formación.

O SPEIS require unha frota cun alto grao de interoperabilidade, dado que os vehículos deben operar en conxunto en intervencións críticas. A falla de estan-

darización nos sistemas de conducción, manexo e resposta mecánica dificultaría a formación e a operatividade do persoal usuario.

- Un único proveedor garante que todos os vehículos compartan sistemas de conducción e control semellantes, o que reduce o tempo e custos de formación do persoal que recibe unha formación unificada sen necesidade de aprendizaxe diferenciada.
- A existencia de vehículos con sistemas heteroxéneos podería derivar en erros operativos en situacións de emerxencia, o que pode comprometer a seguridade do persoal e a eficacia na resposta.
- A adxudicación a un so licitador permite que os vehículos sexan entregados con iguais estándares de equipamento, sen variacións que poidan xerar diferenzas na operativa diaria.

A fragmentación do contrato non so dificultaría a formación do persoal, engadidos os problemas para calendarizar as formacións nun servizo que traballa a 5 quendas, 24 horas corenta minutos os 365 días do ano, senón que incrementaría o risco de fallos operativos (derivados dos problemas de adaptación ao manexo de vehículos dispares) en situacións de emerxencia, o que resulta incompatible cos principios de seguridade e eficiencia nos servizos de emerxencias.

4. Optimización Económica. Redución de custos de mantemento e xestión.

Un dos principios clave da contratación pública é a eficiencia económica na xestión dos recursos. A fragmentación do contrato xeraría sobrecustos innecesarios entre outros nos aspectos seguintes:

- **Mantemento unificado:** A adquisición dos vehículos a un único proveedor permite contratar un único servizo técnico especializado, optimizando os custos de mantemento e reparación. A división en lotes requiriría contratos separados con diferentes fabricantes e subministradores, o que afectaría à capacidade de xestión de diferentes contratos de mantemento con diferentes provedores xerando ineficiencia na operativa diaria.
- **Estandarización na adquisición de repostos:** A adquisición a través de distintos provedores xeraría a necesidade de contar con diferentes catálogos de pezas e repostos, o que dificultaría a xestión do stock e aumentaría tanto os custos operativos coma o tempo durante o que os vehículos teñen que estar paralizados e os propios prazos de reparación, nunha frota que xa non conta con excedentes de vehículos para intervención de emerxencias nun termo municipal como o de Vigo.
- **Maior poder de negociación no prezo global:** Un único proveedor pode ofrecer descontos por volume e por xestión (por exemplo no traslado para a entrega dos vehículos), reducindo o custe final do contrato xa que permite economías de escala. Ademais se optimiza a negociación permitindo conseguir un custo unitario por vehículo máis reducido.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

- **Redución de custos na formación:** A homoxeneidade dos vehículos permite que o custo de capacitación do persoal se minimice, evitando cursos diferenciados para cada modelo de diferentes fabricantes.”

En consecuencia, á vista do exposto, en opinión da técnica que subscribe, procede solicitar a desestimación da alegación do recorrente polo TACGAL, caso de ser admitido o recurso.

-VI-

Conclusiones

Á vista do exposto ó longo deste informe, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a inadmisión do recurso.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación dos pregos que rexen este procedemento, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

-VII-

Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento.

No caso que nos ocupa o recorrente non solicitou a suspensión do procedemento, senón que se deixe esta sen efecto. Esta Administración considera adecuado para o interese público suspender o procedemento, pois de continuar coa tramitación se producirían danos de difícil ou imposible reparación por canto é probable que o contrato poida adxudicarse e formalizarse antes de que se resolva o presente recurso.

Á vista do exposto solicítase do Tribunal a adopción da medida cautelar de suspensión para o caso de que acorde admitir o recurso.

-VIII-

Acordo

En mérito ao exposto, se propón á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(162).- ADXUDICACIÓN DUNHA AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA PARA O APROVEITAMENTO PRIVATIVO DO INMOBLE DENOMINADO “HOTEL” E APARCAMENTO ANEXO, NO COMPLEXO AUDITORIO MAR DE VIGO. EXPTE. 21998/240.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 06/03/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a adxudicación dunha autorización administrativa para o aproveitamento privativo do inmovible chamado "Hotel" e aparcamento anexo, no complexo Auditorio Mar de Vigo (21.998-240)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a adxudicación dunha autorización administrativa para o aproveitamento privativo do inmovible chamado "Hotel" e aparcamento anexo, no complexo Auditorio Mar de Vigo (21.998-240)

ANTECEDENTES



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

Primeiro.- Con data do 15 de novembro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- “Aprobar o prego de clausulas administrativas particulares redactado polo Xefe de Servizo de Patrimonio de data 14 de novembro do 2024, que rexirá a autorización administrativa para o aproveitamento privativo do inmovble chamado "Hotel" e aparcamento anexo, no complexo Auditorio Mar de Vigo, sito na avda Beiramar n.º 59 de Vigo.

2º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do adxudicatario na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 28 de xuño de 2024), o 13 de febreiro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a adxudicación dunha autorización administrativa para o aproveitamento privativo do inmovble chamado "Hotel" e aparcamento anexo, no complexo Auditorio Mar de Vigo (21998-240) na seguinte orde descendente:

	EMPRESAS LICITADORAS	PUNTUACIÓN
1º	BOREALIS HOTELS, SL	96,00
2º	INVERSIONES NARON 2003, SL	73,50

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BOREALIS HOTELS, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 6 e 16 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar en base ao artigo 96 da LCSP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, BOREALIS HOTELS, S.L., o día 13 de febreiro de 2025, que presenta a documentación requirida nas datas 21, 24 e 27 de febreiro, dentro do prazo concedido e o día 6 de marzo fora do devandito prazo. Con respecto a esta última documentación, presentada fora do prazo concedido, en base ao criterio sostido polos tribunais de

recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda da documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais), procede admitila.

Esta documentación consta de:

- Declaración de non estar incurso o licitador en prohibición de contratar
- O certificado de inscrición no padrón do IAE
- Certificado de inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia coa denominación “EUROSTARS MAR DE VIGO” e enderezo en “BEIRAMAR 57 CP: 36202 - Vigo - Provincia: Pontevedra”
- A escritura de constitución cos estatutos e o nomeamento do administrador único, a escritura de cambio de denominación social e a escritura de cambio de traslado de enderezo
- DNI do apoderado e CIF da empresa
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (*“1,5 veces o importe do valor do canon para as dúas anualidades, isto é 1.919.325 euros”*), presentan as contas de 2022 e 2023. Na anualidade de 2023 contémpase un volume de negocios que supera esta cantidade esixida no PCAP.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional, achegan o certificado de inscrición no padrón do IAE e o certificado de inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia coa denominación “EUROSTARS MAR DE VIGO” e enderezo en “BEIRAMAR 57 CP: 36202 - Vigo - Provincia: Pontevedra”.
- Seguro de caución por un importe de 345.319,95 euros que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente xustificante da Tesourería do Concello de Vigo

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 6 de marzo de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de Fernando González Abeijón, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1858/1102

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar BOREALIS HOTELS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por BOREALIS HOTELS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 3 e 7 de febreiro de 2025, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Conceder a BOREALIS HOTELS, S.L. autorización administrativa para o aproveitamento privativo do inmovible chamado “Hotel” e aparcamento anexo, no complexo Auditorio Mar de Vigo (21.998-240) coas seguintes condicións:

- a) *O canon anual será de 727.000 euros.*
- b) *A categoría do hotel será de 4 estrelas.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(163).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez